

ACTA DO PLENO ORDINARIO DO 20 DE DECEMBRO DE 2019

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 10.00 horas do día 20 de decembro de 2019, réunese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. José Ignacio Gómez Pérez

D. Diego Fernández Nogueira

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputados de Democracia Ourensana:

D. José Miguel Caride Domínguez

D. Armando Ojea Bouzo

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:

D.^a Montserrat Lama Novoa

Secretario: D. Francisco Cacharro Gosende

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta: videoacta.depourense.es

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á EXTRAORDINARIA DO 13.11.2019 E Á ORDINARIA DO 29.11.2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado dos borradores das actas anteriores, correspondentes á extraordinaria do 13.11.2019 e á ordinaria do 29.11.2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión extraordinaria do 13 de novembro de 2019 e a acta da sesión ordinaria do 29 de novembro de 2019, conforme cos borradores elaborados pola Secretaría Xeral.

3º.- TOMA DE POSESIÓN DA DEPUTADA DO GRUPO SOCIALISTA DONA ROSARIO RODRÍGUEZ DELGADO.-

O Sr. secretario manifesta que trala renuncia ao cargo de deputado provincial de don Gerardo Seoane Fidalgo (do Grupo Socialista) solicitóuselle á Xunta Electoral Central a emisión da credencial a quen lle corresponde substituílo, resultando a dita credencial a favor de dona Rosario Rodríguez Delgado, quen presentou no rexistro de declaración de bens e de intereses dos membros da Deputación as declaracións legalmente pertinentes, polo que non existe ningunha obxección legal para a súa toma de posesión.

O Sr. presidente convida á deputada provincial electa, dona Rosario Rodríguez Delgado, a que se achegue á mesa de presidencia para tomar posesión do seu cargo mediante a prestación de xuramento ou promesa en legal forma.

Dona Rosario Rodríguez Delgado toma posesión do seu cargo, prometendo o seu desempeño nos seguintes termos: *“Prometo, pola miña conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de deputada provincial de Ourense, con lealdade a El Rei, e gardar e*

facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como loitar pola democratización na distribución de fondos públicos desta Deputación Provincial e pola protección da sanidade na nosa provincia, nomeadamente pola defensa do paridoiro do Hospital de Verín.

O Sr. presidente imponse a medalla corporativa á Sra. Rodríguez Delgado, dándolle os parabéns pola súa toma de posesión. A Sra. Rodríguez Delgado incorpórase ao seu escano no Grupo Socialista.

3º.- PLAN ESTRATÉGICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERÍODO 2020-2023.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación, ábrese o debate entre os grupos, producíndose diferentes intervencións dos seus portavoces, cuxo resumo é o seguinte:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que non concorda con este Plan Estratégico, nin no fondo nin na forma, porque é un plan demasiado xenérico, con información pouco precisa sobre as actuacións a leva a cabo e o seu importe económico (que en moitos casos nin sequera se concreta) e cunha dotación económica totalmente insuficiente para as necesidades da provincia. Comenta as sete liñas de acción que contén o Plan, indicando que a liña 1 (cooperación con entidades locais) a integran diversos plans e programas cuxo obxecto e fins pode compartir pero cuxa dotación económica é totalmente insuficiente, e no punto 11, no que se prevé a concesión de subvencións nominativas, non se concretan as contías previstas; na liña 2 (cultura) obxecto é moi amplo, non se concreta e non se definen os importes da subvencións nominativas previstas no punto 4; na liña 3 (deporte) que considera de enorme importancia, o gasto previsto é irrisorio, e tamén aquí non se concretan as subvencións nominativas; a liña 4 (reto demográfico) ten por obxecto un problema gravísimo desta provincia, con dous programas (o Chegou e o Emprendou) cuxas dotacións económicas deben ampliarse, subliñando que a dotación do Chegou (400.000 euros) é totalmente insuficiente; a liña 5 (fomento do benestar) tamén ten por obxecto un problema gravísimo, pero novamente nos puntos 3 e 4 non se concreta a dotación económica; a liña 6 (fomento do desenvolvemento económico) cre que non está ben enfocada en canto aos obxectivos e, de catro accións que se propoñen, en tres non hai información económica; en canto á liña 7 (fomento do asociacionismo veciñal) pode

compartir a súa importancia, pero a súa dotación (100.000 euros) é totalmente insuficiente para as necesidades das asociacións da provincia. Ao seu xuízo, na provincia temos graves problemas, como que unha maioría dos veciños non cheguen a fin de mes para poder darlle unha vida digna aos seus fillos e que tamén os nosos maiores teñan dificultades para chegar a fin de mes cunha pensión moi pequenas, e este Plan non responde ás necesidades nin achega solucións a eses problemas, polos defectos sinalados.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, da lectura 'definición dos principios nos que, segundo a memoria xustificativa do Plan, se basea este (igualdade, transparencia e garantía de bo funcionamento na xestión das subvencións) comentando que se realmente os membros do goberno provincial cren que estes son os principios reais que artellan o plan, entón o goberno provincial ten un problema; chama a atención sobre o feito de que case todas as accións que integran o plan agás os puntos nos que se prevén subvencións nominativas (como os puntos 11 e 12 da liña de cooperación, ou os puntos 3 e 6 da de cultura) e pide que o goberno provincial sexa valente e lle poña datos a estas previsións xenéricas, apuntando que no exercicio 2019 a cifra que se repartiu ou se propuxo repartir en subvencións nominativas acadou os 14,5 millóns de euros, nomeadamente en subvencións nominativas a concellos, sen que se fixese sequera o máis mínimo esforzo en motivar a necesidade e legalidade deste modo de proceder, como ven de acreditar un informe da Secretaría Xeral desta institución. Di que é curioso que en cambio noutros casos si se empreguen criterios de ponderación (por exemplo, nas liñas do reto demográfico, nas que se establecer criterios de prioridade demográfica entre concellos). Critica a actitude de DO, que seguramente apoie este plan pero que tiña outra posición, e que mesmo no pleno extraordinario de agosto manifestara a súa disposición a estudar un cambio nesta forma de actuar, malia que semella que xa se lles pasou. Di que o PES é un proxecto continuista, e á vista da evolución demográfica dos últimos catro anos, nos que a provincia perdeu 10.000 habitantes, o equivalente a un concello como Xinzo de Limia, todo apunta a que de seguir así ocorrerá o mesmo ou peor nos vindeiros catro anos, polo que pide que este Plan quede sobre a mesa e que entre todos estudemos un plan alternativo que realmente serva de revulsivo fronte aos problemas que padece a provincia, manifestando a disposición do BNG a traballar neste sentido, engadindo que a actitude do PP e DO ante a gravidades dos problemas da provincia pode cualificarse de deixación de funcións.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, entende que o debate debe partir dunha concepción correcta do que é o Plan Estratégico de Subvencións, e neste senso sinala que se trata dun documento obrigatorio, porque así o declara a lexislación de subvencións e a propia ordenanza provincial de subvencións, ademais da xurisprudencia do Tribunal Supremo que o considera necesario para poder conceder subvencións, e por tanto estamos a falar dun documento que vai permitir a tramitación das subvencións da Deputación e do INORDE de 2020 a 2023, e que debe ter o contido mínimo previsto nos artigos 12 e 13 da ordenanza provincial, indicando que o seu ámbito de aplicación son todos os procedementos de concesión e xustificación de subvencións da Deputación e do INORDE, e que o documento recolle ademais os principios que deben rexer estes procedementos e os obxectivos xerais que persegue a política de subvencións, que se desenvolven en sete liñas xerais de actuación, que á súa vez se concretan en plans ou programas, algúns dos cales xa foron aprobados. Por tanto, é un documento xenérico, un documento marco, para establecer as liñas xerais de actuación. Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, critica a afirmación do Sr. Caride en canto a que se trate dun documento xenérico, porque se como acaba de dicir o Sr. Varela aquí se van repartir 14,5 millóns de euros nunha anualidade, entón dicir que isto é un documento xenérico é un xeito de interpretar a política cando menos ben curioso, e lembra que estamos nunha provincia que e paradigma de mal funcionamento. Por referencia ao organismo autónomo INORDE, o instituto de desenvolvemento, di que nestes máis de trinta anos de existencia non serviu para o desenvolvemento da provincia, e que a realidade na que se sustenta este organismo autónomo (por non chamalo *chiringuito*, que era como o cualificaba DO no mandato anterior) é dobre: dunha banda, é un instrumento para darlle un cargo ben retribuído a un deputado do PP (e o propio presidente dicía hai anos nunha entrevista en televisión que non lle parecía correcto o salario do presidente do INORDE); e doutra banda, serve para disimular e facer certas cousas sen ter que pasar por este Pleno, entre elas a concesión de subvencións, que a través do INORDE se coñecen menos ou máis tarde. Lembra que na comisión informativa o Sr. Álvarez Dobaño acusou á oposición de non saber o que é un plan estratéxico de subvencións, pero o problema é que a oposición sabe perfectamente o que é un plan estratéxico, os que non o sabe ou o sabe, pero non o aplica, é o goberno provincial, porque á hora da verdade a través deste Plan o único que se fai é prever a

posibilidade de conceder subvencións nominativas que logo se dan a quen interesa, e isto o sabe o Sr. Caride, que o PES non é máis que un coladeiro, pero é que ademais o xustifica, e iso en política é moi grave. Comenta tamén que nun informe recente do Secretario Xeral se di que as subvencións nominativas previstas no expediente de modificación de créditos nº 4/2019 teñen un defecto formal consistente en falla de motivación que é determinante de anulabilidade. Por tanto, é claro que estamos ante unha tomadura de pelo. Anuncia o seu voto en contra, porque este Plan Estratéxico non é máis que un lavado de cara, para dicirle aos cidadáns que imos ser moi pulcros e transparentes na xestión das subvencións, e logo facer na práctica o de sempre: un plan estratéxico caciquil.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, cre que segue sen estar claro o que é realmente un plan estratéxico de subvencións, polo que na súa intervención tentará facer algo de pedagogía a respecto. En primeiro lugar, lembra que a elaboración do PES é unha obriga legal, e que se regula no Título III da ordenanza de subvencións da Deputación, como un instrumento de planificación estratéxica das políticas de fomento das actividades de utilidade pública ou interese social. Di que neste plan se opta por unha planificación de longo prazo, abranguendo todo o mandato, de 2020 a 2023, dentro do prazo máximo de catro anos legalmente establecido. Neste senso, o plan establece as grandes liñas de actuación, que se concretan en sete liñas, pasando a continuación a enumerar os plans, programas e concursos de subvencións previstos en cada unha desas liñas, algúns deles xa aprobados ou en tramitación, así como as subvencións nominativas que se prevén, detallando as contías consignadas. En relación co Plan Chegou, dille á Sra. Lama que ten a dotación que permiten as dispoñibilidades orzamentarias, e que ao mellor o que ten que facer ela é procrear algo máis, e non só dicilo, e facer como na súa casa, que veñen a pares. Di que este Plan Estratéxico se enmarca no Plan de Mandato Ourense 7273 co que o Sr. Presidente se presentou ás eleccións, subliñando que foi o único que formulou un plan de mandato como programa electoral. Destaca ademais que o Plan Estratéxico, como tal, non crea dereitos nin obrigas, e que a execución das súas previsións está condicionada polas dispoñibilidades orzamentarias, e se concretará nos orzamentos de cada exercicio. Doutra banda, anuncia que está en estudo un programa de cooperación cos concellos en materia de seguridade informática, algo necesario dados os riscos que estamos a padecer neste eido. Destaca tamén que o plan prevé a posibilidade de tramitación anticipada das subvencións, así como os principios que o rexen (igualdade, solidariedade, fomento da iniciativa social, transparencia e

garantía de bo funcionamento) destacando por último a vontade reflectida no plan de avanzar na racionalización e simplificación dos procedementos de tramitación das subvencións.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións, co seguinte resumo:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o comentario que fixo con respecto a ela está fóra de lugar, porque a decisión ou non de ter fillos corresponde a cada muller no uso da súa liberdades persoal, sen que ningún político lle teña que dicir nada ao respecto, e por outra banda, considera que o termo “procrear” está tan anticuado como o seu Plan Estratéxico. Di ademais que en todo caso pode ser que ela teña máis fillos, porque so pode permitir economicamente, pero ese non é o caso da maioría das familias desta provincia, que ao mellor non se poden permitir ter máis dun fillo, e ese é o problema, e estamos a falar de temas graves que non poden abordarse dende o humor, aínda que sabe que o Sr. Álvarez Dobaño non fixo ese comentario por maldade. Entrando ao debate do PES, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que todos sabemos o que é un PES, e o seu carácter programático, pero co que non está de acordo é coa forma na que está feito este Plan, e pon como exemplo alternativo o PES da Deputación Provincial de Palencia, unha deputación cun orzamento inferior en 13 millóns de euros ao da Deputación de Ourense, cun documento de 131 páxinas no que se expón detalladamente o destino das distintas partidas previstas para subvencións, e no que se explica claramente unha previsión de 1 millón de euros en subvencións nominativas, 5,5 millóns en convenios cos concellos e 4,7 millóns a través de convocatorias públicas e xustas. En comparación, o PES da Deputación de Ourense só ten 31 páxinas. Subliña que está de acordo co goberno provincial en que deben existir diversos plans e programas de cooperación coordinados pola Deputación Provincial, porque se non sería mellor suprimir a deputación e deixar que fose a Comunidade Autónoma a que se ocupase dos concellos; pero este PES que se somete a aprobación é irrisorio e non atende ás necesidades dos noventa e dous concellos, non estando debidamente detallado e informado. Insiste en que non necesita que lle expliquen o que é un PES, que o que sucede é que non está de acordo coa súa forma e contido, que non responde ás graves necesidades da provincia, polo que anuncia o seu voto en contra.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que tras a relación dos plans, programas, concursos e subvencións nominativas incluídos no PES efectuada polo Sr. Álvarez Dobaño é forzoso recoñecer que algunhas das subvencións previstas poden ser acertadas, pero tamén é certo que só faltaría que non fose así. Non obstante, a realidade é que

incluso algúns dos plans e programas citados son moi discutibles, e pon como exemplo o plan de mocidade cunha dotación de 6.000 euros por concello, cando o certo é que hai concellos que poden ter dous mil persoas de menos de dezaioito anos e outros só dez, e non parece xusto que todos leven a mesma cantidade. Con respecto aos principios inspiradores do PES, cre que a realidade é que o PES enuncia eses principios, pero logo non se aplican. Dille ao Sr. Caride que a propia denominación do plan o cualifica como “estratéxico”, e nese senso cre que debería ser máis ambicioso e ir máis aló de limitarse a aprobar un documento como un trámite que nos impoñen instancias superiores, e logo Deus proveerá, que foi o que transmitiu na súa intervención. O PES debería definir os obxectivos aos que se debe aspirar, debería configurar as accións da Deputación a favor dos concellos e, polo tanto, a prol dos veciños deste territorio. É innegable o carácter continuísta deste plan verbo do anterior, do que só se muda algún parágrafo, e á vista dos datos que se publican nos medios (diminución do número de autónomos, perda de poboación, en suma, que nos quedamos sen provincia) semella que debe facerse algo distinto ao que se fixo ata agora, e non ten sentido ir todos collidos da man cara ao abismo.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, dille á Sra. Lama que na súa intervención non pretendía dar leccións a ninguén, senón simplemente centrar o debate no seu obxecto, que é a aprobación dun Plan Estratéxico como documento obrigatorio de carácter programático, que non crea dereitos nin obrigacións, e sen prexuízo de que se poida debater o seu contido. Di que malia ese carácter meramente programático, no que se define un marco xeral integrado por unhas liñas de actuación, ese documento, en unión da ordenanza de subvencións, permite ao seu entender un control, mesmo xurisdiccional, da xestión das subvencións, nun dobre senso: en positivo, mediante a aplicación do principio constitucional de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos, e en negativo, referido a por que se da unha subvención a unha entidade e non a outra. Di que se pode debater o contido en canto ás contías e á individualización das liñas de actuación, pero entende que esa concreción debe facerse a través dos orzamento e dos instrumentos de xestión das subvencións. Insiste en que non quixo dicir que se tratase dun mero documento formal, senón dun documento marco coas características apuntadas, e argumenta que se se vota en contra a consecuencia sería a paralización da xestión das subvencións. En suma, entende que é un documento necesario, sen prexuízo do lóxico debate sobre o contido das actuacións.

Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o Sr. Caride acaba de dicir unha cousa que comparte, e que xustificaría o seu voto en contra do PES, cando se preguntou que pasaría se se votase en contra deste Plan, e resposta que non pasaría nada, porque o problema é que este Plan logo se incumpre cando o goberno provincial reparte as subvencións nominativas conforme lle peta. Pide que non enganen a ninguén. Di que ten as súas dúbida en canto a que o PES non cre dereitos e obrigas, porque entende que sucede o mesmo que cando se aproba un proxecto dunha obra municipal: o feito de que se aprobe non implica a obriga de facer a obra, pero se se fai, hai que facela conforme a ese documento técnico, porque senón estaríamos vulnerando a legalidade. Pregúntase de que serve aprobar o PES se logo se incumpre sistematicamente, e é certo que é unha obriga aprobar este plan; pero o que non é unha obriga é logo incumprilo. Di que por exemplo non é certo que se planifique a longo prazo, porque o Sr. presidente gábase de ser o primeiro en aprobar os orzamentos, en setembro, pero logo no primeiro mes do ano se trae unha modificación de crédito na que se reparten millóns en subvencións nominativas, co que xa se está incumprindo esa planificación. Pon de novo como exemplo o expediente de modificación de créditos 4/2019, no que se dotaron moitas subvencións nominativas (con 167 subvencións a concellos, ademais dunha para a entidade local de Berán, tres para desenvolvemento empresarial...) se motivar esa decisión como di o informe do Sr. secretario, motivación que aínda non se fixo. Dille ao Sr. Caride que co seu voto está sustentar algo que se incumpre, e que o estratéxico non é o que pon o Plan: o estratéxico é como se reparten os fondos, o estratéxico é como se fan as cacicadas. Di que debería consultarse como se fai o reparto noutras deputacións, e non fai falla ir a Palencia, porque en Galicia as deputacións de Coruña, Lugo e Pontevedra fan un reparto equitativo a través do plan único, que da igual como se chame, e que se lle pode chamar Plan Varela (en alusión ao deputado do BNG) porque dende logo se se aprobase moitos alcaldes, mesmo os do PP que non son moi agraciados no reparto de nominativas, votarían a favor de pórlle un busto ao Sr. Varela. Aclara que ninguén dubida que as subvencións nominativas que se dan sexan necesarias, senón que a cuestión é outra, e é que o reparto se fai en función da cor política dos concellos, en función de que sexan ou non azuis, e dentro dos azuis incluso se distingue os que son dun azul máis intenso ou máis esvaído, co resultado de que as subvencións nominativas se reparten ás aldeas onde viven os pitufos que son azuis, ese é problema. Pide que se motiven as subvencións nominativas do expediente

4/19 e dos orzamentos de 2020 conforme ao informe de Secretaría, e advirte que se non se fai o seu grupo anunciará outro tipo de medidas. Anuncia o seu voto en contra.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Lama que sabe que o seu non é faltarlle ao respecto a ninguén, e menos ás señoras, polo que, se fixo un mal chiste, o retira, sen prexuízo de advertir que o da maior ou menor modernidade dunha palabra é algo subxectivo. Di que o PES é loxicamente un plan do goberno provincial, e é certo, como di o Sr. Varela, que é un plan continuísta; e o que non se explica se isto é así é que a Sra. Lama votase a favor do anterior plan hai catro nos e agora vote en contra. Dille o Sr. Gómez Pérez que comprende que tente aproveitar politicamente o recente informe do Sr. secretario, pero sinala que é a primeira vez que o Sr secretario ou algún outro técnico desta institución fai unha advertencia neste senso, e quere que quede claro que en todos estes anos non se fixo ningunha excepción ao respecto en canto ao procedemento en ningunha das subvencións nominativas concedidas, incluíndo as que se concederon ao concello de Ribadavia cando o Sr. Gómez Pérez era alcalde ou as que se incluíron agora para concellos gobernados polo PSOE; engade que a falla de motivación é un defecto formal emendable, e que a emenda permite convalidar o acto, e que así se fará. Con respecto á problemática da despoboación do rural, di que é un problema que afecta a todo o Estado, e que non se pode achacar en exclusiva ao goberno provincial, pero que espera que co novo Goberno da Nación do PSOE, apoiado polo BNG, se reverta esta situación. Remata dicindo que o PES é un documento máis político que técnico, coherente coas previsións do Plan de Mandato 7273 e coas achegas de DO, beneficioso para a provincia e que non da lugar á improvisación, e mesmo se teñen anticipado algunhas das súas liñas.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o período 2020-2023, co seguinte contido:

I. MEMORIA XUSTIFICATIVA

A vixente **Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense**, cuxo texto consolidado aprobado definitivamente se publicou no *BOP núm. 260 de data*

12.11.2015 establece no seu *Título III (artigos 12-14)*, baixo a rúbrica “do plan estratéxico de subvencións”, a obriga desta Deputación de elaborar e aprobar un plan estratéxico de subvencións, como instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento de actividades de utilidade pública ou interese social, co contido mínimo e réxime de tramitación, aprobación, seguimento e avaliación alí recollido.

Nesta Ordenanza provincial atópase unha regulación específica da planificación estratéxica das subvencións provinciais, contida no seu citado *Título III*, regulación que intenta adaptar ás peculiaridades da Administración provincial a regulación xeral contida con carácter xeral nos *artigos 8 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, que carecen dun desenvolvemento regulamentario específico para as entidades locais.

Entre outros aspectos, o Título III da Ordenanza provincial recolle expresamente no seu artigo 12 o carácter preceptivo dos plans estratéxicos como requisito previo para a concesión de subvencións, carácter que viña recollido nos artigos citados da lexislación estatal e autonómica e que foi interpretado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, en sentenzas do 26 de xuño e 4 de decembro de 2012, do seguinte xeito “...*dado o tenor dos apartados 1 e 3 do artigo 8 e da Disposición adicional 13ª da Lei 38/2003, o Plan Estratéxico ao que se refire ten carácter previo ao establecemento de calquera subvención, constituíndo un requisito esencial cuxo cumprimento esixe que sexa formalizado externamente e cun contido que o faga identificable como tal por reflectir alo menos aquilo ao que alude o apartado 1 dese artigo 8...*”.

En consecuencia, a aprobación dun plan estratéxico, co contido e obxectivos sinalados na ordenanza, resulta unha necesidade ineludible para posibilitar a concesión de subvencións nos vindeiros exercicios tanto por parte da Deputación como por parte do Inorde.

Como xa se fixo no mandato anterior (2015-2019), óptase por facer unha planificación a longo prazo, con perspectiva de toda a lexislatura e que abranga os exercicios económicos 2020, 2021, 2022 e 2023, cumpríndose en todo caso os prazos establecidos no *artigo 12.2 da Ordenanza xeral de subvencións* que establece un período de vixencia mínimo dun ano e máximo de catro.

Polo anterior, procedeuse á elaboración do presente Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial e do Inorde para os exercicios 2020-2023, co contido mínimo previsto no artigo 12.3 da repetida Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, partíndose de que este se concibe, dada a súa natureza e configuración legal, como un instrumento

programático. Non obstante, establécese un nivel mínimo de vinculación co plan establecendo unha específica obriga de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións. Todo o anterior debera redundar nun maior control do gasto público, polo que o Plan estratéxico debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal maneira que se poida seguir mantendo esa acción á vez que, sobre criterios de eficacia, se rendibilicen os recursos que polas circunstancias poden verse limitados.

O Plan estrutúrase en **SETE LIÑAS DE ACCIÓN** iniciais (*1. Cooperación coas entidades locais, 2. Fomento da cultura, 3. Fomento do deporte, 4. Reto demográfico 5. Fomento do benestar social, 6. Fomento do desenvolvemento económico e 7. Fomento do asociacionismo veciñal*), en coherencia coas competencias provinciais e coas previsións dos orzamentos xerais da Deputación Provincial para o exercicio 2020, xa aprobados, e co Plan Ourense 72-73 do grupo de goberno.

II. DETERMINACIÓNS DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E DO INORDE PARA O PERIODO 2020-2023.

A) Ámbito de aplicación e alcance das determinacións do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2023.

1. As determinacións contidas no presente plan estratéxico serán de aplicación á totalidade dos procedementos de concesión e xustificación de subvencións xestionadas e financiadas pola Deputación Provincial de Ourense e o Inorde ao longo dos exercicios incluídos no seu ámbito de aplicación.

2. En coherencia co carácter programático do plan, cuxo contido non crea dereitos nin obrigacións e queda condicionado á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo ás disponibilidades orzamentarias do exercicio, as súas determinacións teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes polos órganos e unidades administrativas competentes da Deputación Provincial e do Inorde. Estas orientacións estratéxicas vincularán con carácter xeral aos órganos da Deputación, nos seguintes termos:

a) Non poderán concederse subvencións para finalidades non comprendidas nas liñas de subvención previstas no presente Plan, agás nos supostos de subvencións que se concedan

para a atención de situacións sobrevidas de catástrofe ou calamidade pública, ou por outras causas de interese público, e en todo caso de xeito motivado.

b) Porén do anterior, nos supostos en que os órganos xestores do plan consideren necesario apartarse das orientacións estratéxicas que este contén, deberán motivalo suficientemente. As desviacións respecto ás previsións do plan serán recollidas no informe de avaliación para coñecemento do Pleno.

3. Establécese a posibilidade da tramitación anticipada das diferentes liñas de subvención, condicionada en todo caso, á aprobación definitiva do presente Plan Estratéxico de Subvencións.

B) Principios inspiradores da presente planificación estratéxica

A vixente normativa reguladora das actuacións das administracións públicas en xeral e, en particular no que atinxe ás competencias das deputacións provinciais –*Lei 5/1997 de administración local de Galicia e Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local*– establece unha serie de principios que veñen constituír a expresión formal dos elementos definidores do presente Plan Estratéxico de Subvencións, e que constitúen a formulación das directrices xerais que deben impregnar a execución da política de subvencións da Deputación. Xa que logo, os principios xerais en que se concretará a acción de fomento desta administración serán principalmente os seguintes:

- Igualdade, entendida como a non discriminación ou marxinação de cidadáns, administracións ou sectores.
- Solidariedade, entendendo a acción social como expresión da xustiza social, a redistribución e actuación dos recursos de forma equitativa e a discriminación positiva.
- Fomento da iniciativa social, dándolle especial importancia á colaboración das entidades privadas na xestión dos intereses que lle son propios.
- Transparencia, como a vontade desta Deputación por ter informados aos cidadáns e entidades locais das súas políticas de axudas e subvencións e de asignación dos recursos públicos.
- Cooperación entre administracións, entendida como a consecuencia do principio de corresponsabilidade na xestión dos fondos públicos.
- Garantía de bo funcionamento, regulando os requisitos, baremos obxectivos, competencias, mecanismos de participación e de control e avaliación e control das subvencións concedidas.

C) Obxectivos estratéxicos do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2023.

A elaboración do presente Plan Estratéxico de Subvencións debe concibirse como un exercicio que permita realizar unha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas por esta.

Fronte unha concepción formal do PES, esta Deputación quere dotarse dunha auténtica ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse, as actuacións subvencionais para desenvolver.

Tendo presente todo o anterior, a elaboración do PES pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

1. Dotar á Deputación dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social relacionada coas materias da competencia desta.
2. Desde unha perspectiva económico-financeira, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto das diferentes áreas e servizos que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións.
3. Desde a perspectiva da transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dar cumprimento á normativa aplicable nestas materias ante as novas obrigas de publicidade activa e pasiva impostas por esta.

Os obxectivos concretos ou específicos que se pretenden indícanse especificamente para cada liña do Plan.

D) Liñas de subvención do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2023

D.1. Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.

1.º Áreas de competencia afectadas e sectores aos que se dirixen as axudas

Esta liña, establecida no exercicio das competencias provinciais de coordinación dos servizos municipais e cooperación e asistencia a municipios outorgadas polo artigo 36.1. apartados a) e b) da Lei de bases de réxime local, afecta ás competencias municipais nos ámbitos dos servizos mínimos obrigatorios previstos no artigo 26 da Lei reguladora das bases do réxime local, dos servizos sociais, e outros servizos e investimentos relacionados con outras competencias municipais.

Non se recollen nesta liña as posibles subvencións a concellos e mancomunidades para accións culturais e deportivas, que se canalizarán a través das liñas específicas previstas no presente plan estratéxico.

O sector ao que se dirixen as axudas é exclusivamente ao das entidades locais da provincia (concellos, entidades locais menores, mancomunidades e consorcios).

2.º Obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación

Os obxectivos e efectos perseguidos co presente Plan Estratéxico, referidos ás principais áreas de competencia da Deputación Provincial, no ámbito da cooperación cos concellos e demais entidades locais, son os seguintes:

- a) Garantir un nivel mínimo de investimento en infraestruturas de titularidade municipal, en particular nas relacionadas cos servizos mínimos obrigatorios, incrementando o nivel de investimento dos últimos anos.
- b) Prestarlles axuda financeira aos concellos en situación de insuficiencia orzamentaria.
- c) Garantir o financiamento mínimo para o mantemento dos servizos sociais de titularidade municipal e dos puntos de atención á infancia.
- d) Fomentar as actuacións de xestión compartida de servizos públicos locais (en especial os servizos mínimos obrigatorios) a través de consorcios, mancomunidades ou outras...con especial atención a servizos públicos de carácter deficitario ou con especiais dificultades de financiamento.
- e) Fomento do emprego local e de actividades dirixidas á mocidade dos respectivos concellos da provincia.

3.º Prazo necesario para a súa consecución

A concesión das subvencións correspondentes a esta liña de actuación deberá completarse como máximo antes do 1 de decembro do ano correspondente, sen prexuízo dos menores prazos establecidos nos plans, programas ou convenios específicos que a integran. A execución das actuacións subvencionadas deberá realizarse integramente nos exercicios que correspondan. Non obstante o anterior, a execución de actuacións consistentes en investimentos poderá adiarse, sempre que conorra causa xustificativa, ata a data que se determine.

4.º Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiamento

a) Custos previsibles:

Os importes previstos inicialmente para esta liña de subvencións no orzamento do 2020, recóllense nos capítulos IV e VII do orzamento. No capítulo IV prevense como accións principais os programas de cooperación para os concellos relativos ao fomento do emprego ou o de actividades dirixidas á mocidade. No capítulo VII recóllese o plan provincial de

cooperación ás obras e servizos municipais, como principal ferramenta de cooperación cos concellos da provincia e un importe inicial de 4.716.000,00 €, dos cales 4.440.000,00 € destinados á execución material de obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das devanditas obras.

Nos sucesivos exercicios obxecto da presente planificación (2021, 2022 e 2023) o obxectivo é manter e, na medida do posible ampliar, a consignación orzamentaria da presente liña, a cal se considera esencial en termos cualitativos e cuantitativos.

b) Fontes de financiamento:

As achegas serán realizadas exclusivamente con fondos propios da Deputación Provincial. Non obstante, as entidades locais beneficiarias poderán complementar o financiamento das actuacións subvencionadas con achegas financiadas, ben sexa con fondos propios municipais, ben con fondos obtidos doutras administracións públicas ou da Unión Europea.

5.º Plan de acción

As subvencións correspondentes a esta liña xestionaranse a través dos seguintes instrumentos (e doutros que se poidan incorporar por ter encaixe nel):

I. Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e de Rede Viaria Provincial

A través deste plan, canalizaranse subvencións destinadas a investimentos municipais relacionados cos servizos mínimos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei de bases de réxime local, así como as subvencións para investimentos relacionados con outros servizos municipais. Ademais, o plan, se así se acorda, preverá a posibilidade de que os concellos en situación de insuficiencia orzamentaria destinen parte da subvención á amortización da súa débeda ou a gastos correntes relacionados cos servizos mínimos obrigatorios.

O plan conterá tamén unha achega destinada á entidade local menor de Berán.

A aprobación definitiva das bases do referido plan provincial xa foi obxecto de publicación no BOP núm. 254 de data 05.11.2019.

II. Convenio de cooperación coa Xunta de Galicia, a FEGAMP e os concellos que dispoñen de grupos de emerxencias supramunicipais.

A través deste convenio subvencionarase o mantemento dos GES nos concellos da provincia que dispoñan deste servizo.

Destínanse a esta finalidade 900.666,66 euros, consignados no orzamento xeral para o exercicio 2020.

As subvencións tramitaranse nos termos previstos no convenio plurianual aprobado polo Pleno da Deputación.

Para o resto do período obxecto da presente planificación manterase o compromiso de financiamento deste servizo municipal no marco e nos termos do convenio asinado.

III. Programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial

Este programa de cooperación para a contratación de choferes de máquinas rozadoras xa se veu levando a cabo nos exercicios orzamentarios precedentes. O obxectivo deste plan é paliar a insuficiencia financeira dos concellos para a realización dos traballos de limpeza das marxes das estradas municipais e o cumprimento das obrigas establecidas a este respecto pola lexislación de protección contra incendios forestais (normativa que non preveu dotación orzamentaria ningunha para as entidades locais). Máis en concreto, o programa subvenciona a contratación de persoal para o manexo da maquinaria rozadora precisa para estes labores de limpeza. Por razóns de eficiencia, o programa esixe que os concellos colaboren na limpeza das vías provinciais, como medio de optimizar os medios financeiros postos á súa disposición. Como consecuencia da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación no período 2020-2023 deberá levarse a cabo conforme coas previsións do artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación inicial deste programa para o exercicio 2020 tivo lugar na sesión plenaria de data 29.11.2019. A dotación prevista neste programa, conforme co orzamento xeral para 2020, é de 350.000 euros, integramente financiados con fondos propios da Deputación Provincial.

IV. Programa provincial de cooperación cos concellos para o fomento do emprego.

Este programa de cooperación, en réxime de concorrencia non competitiva, ten como obxecto a contribución ao sostemento económico dos servizos de competencia municipal e da entidade local menor de Berán posibilitando o complemento dos recursos humanos necesarios co dito fin, tanto a través das figuras contractuais propias da lexislación laboral como a través de contratos administrativos ou nomeamento de persoal funcionario interino.

Como consecuencia da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación no período 2020-2023 deberá levarse a cabo conforme cos previsións do artigo 10 da Ordenanza

xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación inicial deste programa para o exercicio 2020 tivo lugar na sesión plenaria de data 29.11.2019. A dotación prevista neste programa, conforme co orzamento xeral para 2020, é de 1.830.000,00 €, integramente financiados con fondos propios da Deputación Provincial.

V. Programa provincial de cooperación cos concellos en materia de mocidade.

Este programa de cooperación, en réxime de concorrencia non competitiva, ten como obxecto contribuír ao financiamento das actividades desenvolvidas polos concellos da provincia e a entidade local menor de Berán en prol da mocidade.

Como consecuencia da aplicación da Ordenanza xeral de subvencións, a súa tramitación no período 2020-2023 deberá levarse a cabo conforme cos previsións do artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, na modalidade de programas de cooperación en concorrencia non competitiva.

A aprobación inicial deste programa para o exercicio 2020 tivo lugar na sesión plenaria de data 29.11.2019. A dotación prevista neste programa, conforme co orzamento xeral para 2020, é de 549.000,00 €, integramente financiados con fondos propios da Deputación Provincial.

VI. Programa provincial de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos e mancomunidades en materia de servizos sociais comunitarios (BenOurense).

Este programa – continuación dos xa executados nos exercicios anteriores– canaliza as subvencións tanto para o financiamento do servizo de axuda no fogar básico (destinado a persoas que non teñen efectivamente recoñecido o estatuto de dependencia) como para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios.

A través deste programa lévanse a cabo as accións de cooperación económica e técnica que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A dotación total do programa para o exercicio 2020, segundo o previsto no orzamento xeral da Deputación, é de 1.200.000 de euros, que se dedican a subvencionar o servizo básico de

axuda no fogar e a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, de acordo co establecido na normativa antedita

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación en decembro de 2019 ou ao longo do primeiro trimestre de 2020, tras a súa tramitación conforme co previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións, de tal xeito que os concellos e mancomunidades poidan completar o trámite de adhesión ao programa no mes de febreiro. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrència non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos servizos sociais prestados polos concellos e mancomunidades beneficiarios.

VII. Programa provincial de asistencia aos concellos e mancomunidades para a xestión de puntos de atención á infancia e outros servizos de atención á infancia (BenOurense Infancia).

Este programa ten por obxecto canalizar as subvencións para gastos de mantemento de puntos de atención á infancia de carácter municipal.

O programa será aprobado polo Pleno da Deputación no primeiro trimestre de 2020, previa a súa tramitación conforme co previsto no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións. A adxudicación das subvencións levarase a cabo na modalidade de concorrència non competitiva, determinándose a contía das subvencións en virtude de parámetros obxectivos relativos aos puntos de atención á infancia xestionados polos concellos e mancomunidades beneficiarios. No orzamento de 2020 establécese unha aplicación inicial de 250.000 euros.

VIII. Programa provincial de cooperación cos concellos para a elaboración de plans de emerxencia por seca.

O obxecto deste programa é a cooperación económica cos concellos para a elaboración de plans de emerxencia por seca, destinado exclusivamente aos concellos da provincia de Ourense que accederon ao cofinanciamento da administración autonómica, en virtude da convocatoria publicada no DOG n.º 118, do 24 de xuño de 2019, e co fin de complementar as axudas concedidas a aqueles coa dita finalidade por Augas de Galicia. O obxectivo do programa é que as entidades locais beneficiarias dispoñan dun instrumento básico de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, de tal xeito que se garanta o abastecemento á poboación e se fomente o emprego eficiente dos recursos hídricos.

Prevese a convocatoria deste Programa de cooperación nos exercicios seguintes, e a súa dotación orzamentaria para o exercicio 2020 é de 100.000 euros.

IX. Subvencións a outras entidades intermunicipais para o financiamento de servizos públicos deficitarios ou de difícil financiamento.

- b. *Cando un mesmo inmovible se compoña de varios locais será a comunidade de propietarios ou a entidade ou organismo que administre a mencionada unidade, sen prexuízo da súa repercusión ás persoas beneficiarias.*
3. *Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.*

Artigo 4. Base de gravame.

Son obxecto de gravame:

- a) *A subministración de auga, que inclúe a posta a disposición do servizo e os metros cúbicos realmente consumidos.*

A base imponible da taxa responde a unha fórmula binómica que a cuantifica dun lado en función da dispoñibilidade do servizo (contía fixa periódica) e doutro en función da utilización efectiva medida polo volume de auga, en metros cúbicos, consumidos ou subministrados ao inmovible (contía variable). A contía fixa cubre, aproximadamente, o 50% dos custos fixos do servizo a fin de garantir a accesibilidade universal das persoas usuarias aos consumos vitais. Trasládase o outro 50% dos custos fixos do servizo á contía variable como unha medida de fomento para o consumo responsable da auga. A contía variable determinarase en función do volume de auga consumida que se obterá mediante a diferenza da lectura dos consumos rexistrados nos respectivos contadores de medida durante dous períodos impositivos consecutivos.

Se non fose posible coñecer o consumo real por avaría do contador ou por imposibilidade da súa lectura por causas non imputables á Administración, se estimará este conforme ás seguintes regras:

1ª) Como regra xeral considerarase un consumo igual ao producido no mesmo período do exercicio anterior.

2ª) Se o consumo anterior non fose significativo ou non existisen datos do devandito período, estimarase un consumo equivalente á media aritmética dos últimos consumos coñecidos ou, se isto non fose posible, aplicarase a media dos consumos que se realice no termo municipal no mesmo período do exercicio anterior.

Os consumos estimados devirán firmes en caso de avaría no contador. Nos restantes supostos regularizarase a situación na liquidación ou liquidacións seguintes unha vez obtida unha nova lectura real.

- b) *A conservación e mantemento de contadores de consumo de auga, establecéndose unha tarifa fixa por unidade e mes.*
- c) *A subministración e instalación de contadores, no momento da alta no servizo ou cando deban ser substituídos por causa imputable ao usuario, establecéndose unha tarifa fixa.*

Artigo 5. Período impositivo e aplicación da taxa.

- 1. *O período impositivo coincidirá co trimestre natural.*
- 2. *As baixas e cambios de titularidade producidos dentro de cada período impositivo producirán a súa eficacia no trimestre posterior.*

Título I Das taxas.

Artigo 6. Cota tributaria.

- 1. *O cadro aplicable é o seguinte:*

Cota A: Subministración de auga:

<i>Contía fixa</i>	<i>2,75 €/mes</i>
<i>Contía variable:</i>	
<i>1.</i>	<i>Treito 1: de 0 m³ e</i>
<i>ata 6 m³ /mes</i>	<i>0,20 €/m³</i>
<i>2.</i>	<i>Treito 2: máis de 6</i>
<i>m³ ata 12 m³ /mes</i>	<i>0,40 €/m³</i>
<i>3.</i>	<i>Treito 3: máis de 12</i>
<i>m³ ata 24 m³ /mes</i>	<i>0,80 €/m³</i>
<i>4.</i>	<i>Máis de 24 m³/mes</i>
<i>.....</i>	<i>1,60 €/m³</i>

Cota B: Conservación e mantemento de contadores.....0,60 €/mes

Cota C: Instalación e reposición de contadores100,00 €/ud

- 2. *As cotas da tarifa son mensuais, agás a cota da instalación e reposición de contadores que é única.*

Artigo 7. Devindicación e cobramento das taxas.

- 1. *As taxas devindicaranse na data de alta no servizo, e o primeiro día de cada mes nos meses sucesivos, e cobraranse cada tres meses.*
- 2. *A liquidación e recadación das cotas efectuaranse nos mesmos períodos e nos mesmos prazos e xunto cos recibos das taxas pola prestación do servizo municipal da rede de*

sumidoiros e tratamento e depuración de augas residuais. Os recibos incluírán todos aqueles impostos, canons e coeficientes relacionados co ciclo hidráulico.

Artigo 8. Exencións e bonificacións.

Non se establece ningunha exención ni bonificación na exacción desta taxa.

Artigo 9. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.

1. *Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considerarase administración tributaria á que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. Por persoa aboada entenderase toda persoa natural ou xurídica con capacidade legal para ser titular de dereitos e obrigas á quen se lle concedese o servizo de subministración de auga potable para cada un dos inmobles aos que se lles preste o servizo.*
2. *A taxa xestionarase de oficio a administración tributaria, a partir dun padrón que se formará trimestral, que se aprobará mediante resolución da Presidencia, ou do órgano en cada caso competente no caso de que a administración tributaria non sexa a Deputación Provincial de Ourense. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito impositivo do que a administración teña constancia:*
 - a. *Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo.*
 - b. *Data de xeración da taxa e período impositivo.*
 - c. *Cota tributaria líquida, determinada pola suma das contías aplicables conforme á esta ordenanza.*
 - d. *Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.*
3. *O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello dos Blancos.*
4. *No caso de imposibilidade de lectura do contador por encontrarse pechado o acceso a este durante dous trimestres consecutivos practicarase unha notificación individual á persoa interesada con apercibimento de corte da subministración e sen prexuízo doutras responsabilidades esixidas.*
5. *O cobro da taxa realizarase cada tres meses, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da*

liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do Padrón correspondente.

6. *Para tódolos efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal da persoa contribuínte ou da persoa que o substitúa, conforme coa lexislación tributaria vixente.*
7. *No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerá polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.*

TÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 10. Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións relacionadas coa taxa regulada nesta ordenanza fiscal, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Disposición derradeira.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o primeiro día do primeiro trimestre natural seguinte á data da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que se cumpran os requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais.

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, todo elo de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formularan reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONCELLO DOS BLANCOS.-

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1), e a abstención do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo::

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos de saneamento e depuración de augas residuais no municipio dos Blancos, conforme ao seguinte texto:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello dos Blancos aprobou o 21 de agosto de 2017 un plan de axuste económico coa finalidade de obter un préstamo con cargo ao compartimento Fondo de ordenación do fondo de financiamento das entidades locais coa finalidade de afrontar a súa importante débeda municipal. A fin de executar unha das medidas incluídas nese plan de axuste, o Pleno do Concello dos Blancos de 20 de decembro de 2017 prestou a conformidade para que a Deputación Provincial de Ourense asumise temporalmente a prestación de determinados servizos mínimos obrigatorios ao abeiro do disposto no artigo 84 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da administración local de Galicia, entre os que se encontra o de saneamento, competencia propia dos municipios (artigo 25.1.c) da LBRL) que deben prestar nos termos establecidos na lexislación estatal e das comunidades autónomas. A Deputación Provincial de Ourense asumiu eses servizos trala publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 1 de febreiro de 2018 que autorizou á Deputación para a asunción destes servizos no Concello dos Blancos (DOG núm. 52 de 14 de marzo de 2018).

Outro dos servizos asumidos pola Deputación Provincial en virtude do plan de axuste mencionado foi o de depuración de augas residuais, ante a imposibilidade do Concello dos Blancos de seguir prestándoo. Nese senso, o artigo 36.1.c) da Lei de bases de réxime local establece que as deputacións provinciais asumirán a prestación dos servizos de tratamento de residuos nos municipios de menos de 5.000 habitantes cando estes non procedan a súa prestación. Esta expresión, tratamento de residuos, non se limita unicamente aos residuos sólidos senón que comprende tamén as augas residuais urbanas polo que a asunción deste servizo é unha competencia provincial propia subsidiaria da municipal.

O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, mediante acordo do 22 de decembro de 2017 asumiu a prestación deste servizo en réxime de competencia propia ao abeiro do establecido no artigo 36.1.c) da Lei de bases de réxime local.

De acordo co previsto no artigo 84.2 da Lei de administración local de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense non se limita á mera prestación dos servizos, senón que asume as funcións públicas de ordenación e xestión dos mesmos, asumindo o seu financiamento e sen prexuízo da posibilidade de gravar con taxas aos beneficiarios, o que

xustifica a aprobación da presente ordenanza fiscal e o cumprimento dos principios de necesidade, eficacia, eficiencia e proporcionalidade e seguridade xurídica esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, os bens de dominio público afectos aos servizos obxecto de asunción de titularidade de concello quedan adscritos temporalmente á Deputación Provincial de Ourense durante o período de asunción (revertendo ao concello á finalización do período de asunción de servizos), correspondéndolle á deputación o exercicio dos actos de conservación, mantemento e administración.

Esta ordenanza dítase ao abeiro do establecido nos artigos 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 15 a 19, 20.4.t) e 57 e 132 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais e 81 e 296 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da administración local de Galicia cumprindo co principio de seguridade xurídica esixidos no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A presente ordenanza contén tres títulos. O título preliminar (artigos 1 a 3) recolle as disposicións xerais de natureza tributaria configurándose a prestación patrimonial polo servizo como unha taxa, conforme ao criterio establecido na sentenza do Tribunal Constitucional núm. 185/1995, de 5 de decembro (BOE núm. 11 do 12 de xaneiro de 1996) posteriormente incorporado á regulación deste tributo no vixente Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais (artigo 20.1.B) en relación co artigo 20.4.r) e 20.6 a contrario do dito texto legal) e ao ser o saneamento e depuración servizos públicos esenciais, imprescindibles para a vida das persoas e prestados mediante xestión directa.

O título I (artigos 4 a 11) regula as cuestións comúns ás taxas de ámbolos dous servizos. A fin de facilitar a claridade e comprensión da ordenanza divídese en tres capítulos. O capítulo I (artigos 4 e 5) regula a taxa correspondente ao servizo municipal da rede de evacuación. Neste caso a cota tributaria é fixa. O capítulo II (artigos 6 e 7) regula as taxas correspondentes ao servizo municipal de depuración de augas residuais. Neste último suposto, a determinación da cota tributaria varía dependendo de que a persoa usuaria estea ou non adscrita ao servizo municipal de subministración de auga potable. Para aqueles usuarios que estean adscritos e coa finalidade de cumprir os principios xerais de actuación recollidos no artigo 40 da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia, introdúcese criterios que intensifican a progresividade da taxa para promover un uso eficiente da auga

por parte dos usuarios. Neste senso, ademais de establecer un sistema de contía variable de treitos máis oneroso canto máis auga se consuma, trasládase a esta última unha parte dos custos fixos. Con este sistema garantírase o establecemento dunha taxa que posibilite o acceso universal de tódalas persoas aos consumos vitais e agravaranse os consumos excesivos incentivando o aforro de auga. Este incentivo non pode ser aplicado a aqueles usuarios que non estean adscritos ao servizo municipal de subministración de auga potable ao carecer de datos de consumo polo que para estes casos se establece unha única cota fixa. En ambos supostos, a cota fíxase de acordo co principio comunitario de recuperación dos custes dos servizos relacionados coa auga (artigo 9 da Directiva marco da auga e 111.bis.1 do Real decreto lexislativo 1/2001, de 20 de xullo polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas) por parte de tódalas administracións que interveñen no ciclo da auga (artigo 40 da Directiva marco da Auga) así como do principio de suficiencia financeira. A cota tributaria é coherente co resultado do estudo económico-financieiro no sentido de recuperar os custes do servizo e respectando a limitación establecida polo artigo 24 da Lei reguladora das facendas locais de non exceder, en conxunto, do custo real ou previsible do servizo tendo en conta tanto os custes directos como indirectos incluíndo os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e os necesarios para garantir o mantemento de desenvolvemento razoable do servizo. Cúmprese co mandato recollido no artigo 129.7 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas en canto que as decisións económicas adoptadas respectan os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tanto o servizo de evacuación como o de depuración de augas residuais configúranse como de recepción obrigatoria alí onde exista a rede municipal de sumidoiros como unha medida tendente a evitar a degradación do medio ambiente e a contaminación das augas continentais. O capítulo III (artigo 8 a 11) regula cuestións propias das taxas así como as normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.

O título II regula o réxime sancionador limitándose a unha remisión ás normas establecidas na Lei xeral tributaria e demais normativa que regulan esta cuestión a fin de evitar a duplicidade innecesaria da normativa. A ordenanza finaliza cunha disposición derogatoria que derroga a Ordenanza fiscal existente no concello en materia de saneamento e unha disposición derradeira relativa a entrada en vigor.

A presente ordenanza non ten repercusións en cuestións de xénero polo que non é necesario a elaboración do informe non vinculante sobre o impacto nesta materia regulado nos artigos 19 da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva entre mulleres e homes (que de acordo coa súa Disposición Final 1ª forma parte das condicións básicas que garanten a igualdade de tódolos españois no exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes constitucionais de acordo co establecido no artigo 149.1.11 da CE) e 8 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. A redacción da ordenanza respecta a perspectiva de xénero na linguaxe escrita cumprindo o disposto nas anteriores normas e no I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Deputación Provincial de Ourense para os anos 2017-2021

A presente ordenanza ten impacto na actividade económica xa que establece as taxas que se devindicarán con ocasión da prestación do servizo público municipal de evacuación e depuración de augas residuais. A sentenza do Tribunal Constitucional 55/2018, de 24 de maio (BOE núm. 151 de 22 de xuño de 2018) declara que o artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (agás o primeiro inciso do seu apartado 1º e o primeiro parágrafo do seu apartado 4º) é contrario ao orden constitucional de competencias (FJ 7) polo que non é necesario realizar unha consulta pública previa á tramitación da presente ordenanza ao non existir normativa autonómica que así o esixa. Non obstante, de acordo co previsto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, trala aprobación provisional da presente ordenanza polo Pleno provincial, esta exporase durante trinta días, como mínimo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportuno. Con este trámite dáse cumprimento ao principio de transparencia establecido no artigo 129 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Obxecto, fundamento, natureza e ámbito territorial de aplicación

1. Constitúe o obxecto desta ordenanza fiscal a ordenación e imposición das taxas correspondentes ao servizo municipal da rede de evacuación así como a de depuración de augas residuais no Concello dos Blancos.

2. *A competencia para a aprobación desta Ordenanza fiscal en relación co servizo municipal da rede de evacuación de augas residuais correspóndelle a Deputación Provincial de Ourense de acordo coa autorización realizada polo Consello da Xunta de Galicia de 1 de febreiro de 2018 (DOG 14 de marzo de 2018) en relación ao disposto no artigo 26.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.*

3. *A competencia para a aprobación desta Ordenanza fiscal en relación co servizo municipal de depuración de augas residuais correspóndelle a Deputación Provincial de Ourense como competencia propia de acordo co establecido no artigo 36.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local ao non estar a ser prestada polo Concello dos Blancos por causa de insuficiencia económica do municipio.*

4. *A aprobación desta ordenanza fiscal por parte da Deputación Provincial de Ourense realizase ao abeiro do establecido nos artigos 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, 15 a 19 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, 81 e 296 da Lei 5/1997, de 22 de xullo da administración local de Galicia, seguindo o establecido nos artigos 20.4.r) e 57 e 132 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.*

5. *Configúrase o pagamento dos servizos de evacuación e depuración de augas residuais como taxa por ser servizos públicos esenciais, indispensables para a vida das persoas, e ser prestada de forma directa pola Deputación Provincial de Ourense, estando prevista a súa aplicación para os servizos de saneamento e depuración no artigo 20.4.r) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.*

6. *O ámbito territorial de aplicación desta ordenanza está integrado polo termo municipal do Concello dos Blancos.*

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa regulada nesta ordenanza a prestación dos seguintes servizos:

a) *A evacuación de augas residuais e pluviais mediante a rede municipal de evacuación.*

b) *O tratamento e depuración dos vertidos anteriores a efectos de devolver a auga depurada aos canles ou medios receptores.*

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro xeral tributaria, ocupantes dos inmobles que utilicen ou teñan a posibilidade de utilizar os servizos municipais de evacuación e depuración de augas residuais.

2. Serán suxeitos pasivos en concepto de substitutos da persoa contribuínte:

a) As persoas propietarias ou titulares das vivendas ou locais quen poderán repercutir as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo (artigo 23.2.a) de LRBRL)

b) Cando un mesmo inmovible se compoña de varios locais será a comunidade de propietarios ou a entidade ou organismo que administre a mencionada unidade, sen prexuízo da súa repercusión ás persoas beneficiarias.

3. Responderán solidaria ou subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que a Lei xeral tributaria ou a Lei reguladora das facendas locais atribúe tal responsabilidade.

TÍTULO I. DAS TAXAS.

CAPÍTULO I. DA TAXA CORRESPONDENTE AO SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO.

Artigo 4. Base de gravame.

1. É obxecto de gravame a recepción á rede de evacuación de augas residuais. O servizo é de carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio dos Blancos que teñan fachada ás vías públicas onde exista rede de sumidoiros e sempre que a distancia entre esta e o predio non supere os cen metros. Nestes supostos, a exacción levarase a cabo aínda que os interesados non efectúen a conexión á rede.

2. A base impositiva da taxa determinarase mediante unha contía fixa que cubre os custes de mantemento da rede de evacuación de augas residuais.

Artigo 5. Cota tributaria.

A cota aplicable é de 0,50 € por aboado e mes.

CAPÍTULO II. DA TAXA CORRESPONDENTE AO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Artigo 6. Base de gravame.

1. É obxecto de gravame a recepción do servizo de depuración de augas residuais. O servizo é de carácter obrigatorio para tódolos predios do municipio dos Blancos que teñan fachada ás vías públicas onde exista rede de sumidoiros e sempre que a distancia entre esta e

o predio non supere os cen metros. Nestes supostos, a exacción levarase a cabo aínda que os interesados non efectúen a conexión á rede.

2. A base impoñible da taxa é diferente dependendo de se a persoa aboada está adscrita ao servizo municipal de subministración de auga potable ou non. No primeiro suposto a base impoñible da taxa responde a unha fórmula binómica que a cuantifica dun lado en función da dispoñibilidade do servizo (contía fixa periódica) e doutro a utilización efectiva medida polo volume de auga, en metros cúbicos, consumidos ou subministrados ao inmovible (contía variable). A contía fixa cubre, aproximadamente, o 50% do custo fixo do servizo a fin de garantir a accesibilidade universal das persoas usuarias aos consumos vitais. Trasládase o outro 50% do custo fixo do servizo a contía variable como unha medida de fomento para o consumo responsable da auga. A contía variable determinarase en función do volume de auga consumida que se obterá mediante a diferenza da lectura dos consumos rexistrados nos respectivos contadores de medida durante dous períodos impositivos consecutivos. Se non fose posible coñecer o consumo real por avaría do contador ou por imposibilidade da súa lectura por causas non imputables á Administración, se estimará este conforme ás seguintes regras:

- Como regra xeral considerarase un consumo igual ao producido no mesmo período do exercicio anterior.

- Se o consumo anterior non fose significativo ou non existisen datos do devandito período, estimarase un consumo equivalente á media aritmética dos últimos consumos coñecidos ou, se isto non fose posible, aplicarase a media dos consumos que se realice no termo municipal no mesmo período do exercicio anterior.

Os consumos estimados devirán firmes en caso de avaría no contador. Nos restantes supostos regularizarase a situación na liquidación ou liquidacións seguintes unha vez obtida unha nova lectura real.

No suposto de que a persoa aboada non este adscrita ao servizo municipal de subministración de auga potable, a base impoñible da taxa determinarase mediante unha cota fixa que cubre os custes de explotación e mantemento do sistema de depuración de augas residuais.

Artigo 7. Cota tributaria.

1. O cadro aplicable é o seguinte:

a) Usuarios adscritos ao servizo municipal de subministración de auga potable:

Contía fixa1,60 €

Contía variable

Treito 1: de 0 m³ ata 6 m³/mes0,10 €/m³

Treito 2: máis de 6 m³ ata 12 m³/mes.....0,15 €/m³

Treito 3: máis de 12 m³ ata 24 m³/mes.....0,30 €/m³

Treito 4: máis de 24 m³/mes0,60 €/m³

b) *Usuarios non adscritos ao servizo municipal de subministración de auga potable: 2,60 €.*

2. As cotas son mensuais.

CAPÍTULO III. NORMAS COMÚNS A ÁMBALAS DÚAS TAXAS.

Artigo 8. Período impositivo e aplicación das taxas.

1. O período impositivo coincidirá co trimestre natural.

2. As baixas e cambios de titularidade producidos dentro de cada período impositivo producirán a súa eficacia no trimestre posterior.

Artigo 9. Devindicación e cobramento das taxas.

1. As taxas devindicaranse na data de alta no servizo e o primeiro día de cada mes nos meses sucesivos, e cobraranse cada tres meses.

2. A liquidación e recadación das cotas efectuaranse nos mesmos períodos e nos mesmos prazos e xunto cos recibos das taxas pola prestación do servizo municipal de subministración de auga potable, se é o caso. Os recibos incluírán todos aqueles impostos canóns e coeficientes relacionados co ciclo hidráulico.

Artigo 10. Exencións e bonificacións.

Non se establece ningunha exención ni bonificación na exacción destas taxas.

Artigo 11. Normas de xestión, liquidación, inspección e recadación.

1. Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considerarase administración tributaria á que en cada caso exerza a competencia de xestión tributaria e recadación. Por aboado entenderase a toda persoa natural ou xurídica con capacidade legal para ser titular de dereitos e obrigas que estea obrigada a recepción da prestación dos servizos municipais de evacuación e depuración de augas residuais para cada uno dos inmobles aos que se lles preste os servizos.

2. As taxas xestionarase de oficio a administración tributaria, a partir dun padrón que se formará anualmente, que se aprobará mediante resolución da Presidencia, ou do órgano en cada caso competente. O padrón recollerá os seguintes datos, para cada feito imponible

do que a administración teña constancia:

- a) Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo.*
- b) Data de xeración da taxa e período impositivo.*
- c) Cota tributaria líquida, determinada pola suma das contías aplicables conforme á esta ordenanza.*
- d) Prazos para o pagamento voluntario da taxa, que en ningún caso será inferior a dous meses.*

2. O padrón será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello dos Blancos.

3. O cobro da taxa realizarase cada tres meses, mediante a emisión dos correspondentes recibos, que serán comunicados aos interesados para os efectos puramente informativos. A comunicación dos recibos non terá o carácter de notificación da liquidación tributaria, que se entenderá realizada mediante a publicación do padrón correspondente.

4. Para tódolos efectos, entenderase como domicilio de cobro de cada recibo o domicilio fiscal da persoa contribuínte ou da persoa que o substitúa, conforme coa lexislación tributaria vixente.

5. No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerese polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación.

TÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 12. Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións relacionadas coas taxas reguladas nesta ordenanza fiscal, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable para o efecto.

Disposición derogatoria.

Queda derogada a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de saneamento da rede de sumidoiros de o Concello dos Blancos (BOP núm. 112 de 16 de maio de 2016).

Disposición derradeira.

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o primeiro día do primeiro trimestre natural seguinte á data da publicación, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e sempre que se cumpran os requisitos para a súa entrada en vigor establecidos na lexislación de réxime local e de facendas locais

2º) Someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública, por un prazo de trinta (30) días hábiles, mediante a inserción de anuncios no BOP de Ourense, na sede electrónica da Deputación en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co previsto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Durante o dito prazo, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas, as cales deberán ser resoltas polo pleno da corporación provincial, a través de acordo de aprobación definitiva. No caso de que non se formulasen reclamacións en prazo, o acordo de aprobación inicial elevarase a definitivo, sen necesidade de acordo plenario expreso.

6º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS PARA A XESTIÓN DELEGADA DO SERVIZO DE INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS NO EXERCICIO 2020 E SEGUINTE.

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación, ábrese o debate entre os grupos, producíndose as intervencións que se resumen a continuación:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía dille ao Sr. Álvarez Dobaño que xa sabe que a estrañan no Grupo Popular, e que deberían poñer os pés da terra en entender que o Partido Popular perdeu a maioría absoluta por un escano, e ese escano está agora deste lado do salón de plenos, e por iso o Grupo Popular ten agora que co – gobernar con DO. Cre que a partir de agora, dadas as frecuentes alusións que lle fan ao respecto, terá que iniciar as súas intervencións en cada sesión aclarando quen é e que no mandato anterior foi deputada polo Grupo Popular, e cre que iso é algo que está amparado pola liberdade persoal de decisión das persoas, aínda que os principios que defende son os mesmos, como cre demostra o seu discurso e forma de actuar. Polo demais, felicita ao goberno provincial por este plan, como xa fixo na comisión, porque é un plan que axuda aos concellos a resolver os seus problemas, polo que anuncia o seu voto favorable.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, concorda en que é un plan positivo, porque permite aos concellos contar cun servizo de inspección tributaria, sen

prexuízo de beneficiar tamén á Deputación, na medida en que permita mellorar a recadación do IAE e, polo tanto, da súa recarga. Polo demais, considera que é un plan acaído.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo considera un avance o cambio á fórmula dun plan provincial para a prestación deste importante servizo, polo que, aínda que discrepan coas taxas que se cobran polo servizo, votarán a favor.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, por referencia ao debate do PES, di que a Sra. Lama ven hoxe un pouco irascible, e que el en ningún caso cuestionou a súa liberades de elección, senón que dixo o que dixo, e pídelle que non terxiverse as súas verbas: simplemente, o Sr. Varela dixo que o PES era continuísta respecto do anterior, e a Sra. Lama votou a favor do PES 2015 – 2019 e agora vota en contra do PES 2019 – 2023.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Plan provincial de cooperación cos concellos para a xestión delegada do servizo de inspección dos tributos municipais durante o exercicio 2020 e seguintes, conforme ás seguintes bases reguladoras:

Primeira.- Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación dun plan de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

Segunda.- Contido da delegación das competencias municipais de inspección tributaria na Deputación. Ámbito funcional, territorial e temporal.

En virtude do presente plan de cooperación, os concellos que se adhiran ao mesmo, delegan na Deputación Provincial o exercicio das competencias de inspección de tributos, nos seguintes termos:

a) Ámbito funcional:

a.1) Os concellos adheridos delegarán na Deputación Provincial o exercicio de todas as funcións que integran a inspección tributaria, conforme coa lexislación vixente, para a totalidade dos tributos municipais, agás aqueles que expresamente se exceptúen polo concello no acordo de adhesión.

Exceptúanse do ámbito da delegación as contribucións especiais e as taxas que se perciban pola prestación de servizos, nos supostos en que o pagamento das ditas taxas se realice con carácter previo á prestación dos servizos que orixina a súa devindicación.

a.2) Os concellos adheridos autorizan á Deputación Provincial a solicitar dos órganos competentes da Administración tributaria do Estado a delegación do exercicio da competencia de inspección do imposto de actividades económicas, ao abeiro do establecido no artigo 91.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, agás que expresamente indiquen o contrario.

b) Ámbito territorial:

As delegacións conferidas en virtude do presente plan de cooperación referiranse aos tributos devindicados nos termos municipais dos concellos delegantes. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 7.4 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a Deputación Provincial poderá exercer tales facultades delegadas en toda a provincia, cinguíndose, en todo caso e exclusivamente, aos tributos delegados dos concellos adheridos.

c) Ámbito temporal:

As delegacións conferidas en virtude do presente plan de cooperación serán eficaces nos termos indicados na cláusula terceira, apartado segundo, das presentes bases.

Terceira. Procedemento de adhesión ao plan de cooperación.

1. Para a adhesión ao plan de cooperación, os concellos interesados deberán presentar no Rexistro xeral electrónico da Deputación provincial ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o correspondente certificado do acordo de adhesión, conforme co modelo recollido no anexo I, mediante acordo adoptado polo Pleno municipal co quórum esixido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. No acordo de adhesión, os concellos especificarán, se é o caso, os tributos cuxa inspección se exceptúa expresamente da delegación (entendéndose, no caso contrario, que se delega para todos os tributos a que se refire o presente plan). Igualmente, e de se – lo caos, poderán

indicar se se opoñen a que a Deputación solicite da Administración tributaria do Estado a delegación da competencia de inspección do IAE.

2. Os acordos de adhesión ao presente plan de cooperación terán eficacia no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir da súa entrada no Rexistro Xeral da Deputación Provincial. A aceptación da delegación de competencias entenderase automaticamente concedida sempre que os acordos de adhesión se axusten ao establecido no plan.

Nos supostos en que se advirta que o acordo de adhesión non se axuste ás condicións do plan, a Presidencia, dentro do indicado prazo de dez días hábiles, comunicará esta circunstancia aos concellos, co obxecto de que procedan a emendar as deficiencias advertidas. A adhesión ao plan non será eficaz ata que os concellos emenden as deficiencias advertidas.

3. Mediante resolución da Presidencia da Deputación, aprobarase a lista de adhesións ao plan de cooperación, a medida que estas se vaian producindo, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos previstos no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Cuarta.- Exercicio das competencias delegadas.

1. O exercicio das facultades de inspección tributaria delegadas por parte da Deputación axustarase aos procedementos, trámites e medidas en xeral, xurídicas ou técnicas, relativas á xestión tributaria que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e, supletoriamente, ás que prevé a Lei xeral tributaria.

2. Os actos de xestión que se realicen no exercicio da delegación serán impugnables consonte co procedemento que corresponda para a revisión dos actos administrativos da Deputación Provincial, e, en último termo, ante a xurisdición contencioso administrativa, conforme coa normativa vixente.

3. As facultades delegadas serán exercidas polo órgano da Deputación Provincial que proceda conforme coas normas de distribución de atribucións propias da Deputación.

4. A inspección delegada dos tributos municipais levarase a cabo por xestión directa, encomendándose ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, dependente da Área de Tesourería da Deputación Provincial. Para tal efecto, a relación de postos de traballo da Deputación precisará as unidades administrativas e postos de traballo que asumirán a realización de función inspectoras, particularmente aquelas que impliquen exercicio de autoridade.

5. Non obstante o anterior, a Deputación Provincial poderá concertar con empresas especializadas, mediante contratos de servizos, a realización de traballos materiais de colaboración para o desenvolvemento das funcións inspectoras.

Quinta.- Réxime económico da delegación.

1. En contraprestación pola prestación delegada do servizo de inspección, a Deputación Provincial percibirá a taxa establecida na Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 210, do 12 de setembro de 2014).

2. A Deputación Provincial resérvase en todo caso a potestade de modificar a dita ordenanza, sen prexuízo da facultade recoñecida aos concellos para proceder á súa baixa do plan.

Sexta.- Control do exercicio da delegación por parte dos concellos.

Os concellos delegantes poderán realizar un control e seguimento do exercicio da delegación conferida mediante a solicitude de información detallada, en calquera momento, das actuacións inspectoras realizadas.

Os concellos poderán ademais formular as suxestións, queixas ou reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser contestadas por escrito pola Deputación Provincial no prazo máximo de un (1) mes.

Sétima. Vixencia do plan.

O presente plan terá vixencia indefinida, entrado en vigor na data da publicación da súa aprobación definitiva no BOP, sen prexuízo da posibilidade da súa modificación ou substitución por acordo do pleno da Deputación, e da posibilidade da baixa voluntaria dos concellos nos termos previstos na cláusula seguinte.

Oitava. Baixa voluntaria do plan dos concellos adheridos.

Os concellos adheridos ao plan poderán darse de baixa voluntaria deste en calquera momento, mediante acordo adoptado polo Pleno do concello co quórum esixido no artigo 47.2.h) da Lei de bases do réxime local e comunicado á Deputación a través do seu Rexistro Electrónico.

O acordo de baixa terá efectividade no prazo de seis meses dende a data de presentación no Rexistro Electrónico da Deputación.

Novena. Normativa aplicable.

O presente plan ten natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

***Anexo I:** Modelo da parte dispositiva do acordo de adhesión ao plan de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.*

1º) Aprobar a adhesión do concello de ao plan de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para a prestación pola Deputación Provincial, en réxime de competencia delegada, do servizo de inspección dos tributos municipais.

2º) Delegar na Deputación Provincial de Ourense o exercicio das competencias municipais de inspección de tributos, nos termos previstos no dito plan.

Exceptúanse da dita delegación os seguintes tributos : (indíquense os que procedan)

3º) Autorizar á Deputación Provincial de Ourense a solicitar dos órganos competentes da Administración do Estado a delegación do exercicio das competencias de inspección do imposto de actividades económicas, durante o período de vixencia do plan (no caso de que o concello se opoña a esta delegación, deberá indicarse expresamente).

2º) Someter o plan inicialmente aprobado a información pública polo prazo de dez (10) días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio na sede electrónica e no Boletín Oficial da provincia de Ourense. De non producirse alegacións entenderase aprobado definitivamente e, no caso contrario, someteranse aquelas á consideración do pleno para a aprobación definitiva do plan. Logo de aprobarse definitivamente o plan, publicarase o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica, incluíndo o texto íntegro da súas bases reguladoras.

7º.- MODIFICACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE 2020 (BOP N.º 254, DO 5 DE NOVEMBRO DE 2019).-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións, co resume que se reflicte a continuación:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto favor, dado que esta modificación ten por obxecto posibilitar que os concellos que incumpriron os prazos inicialmente previstos poidan facer as súas solicitudes de inclusión de obras no Plan Provincial.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, votarán a favor, aínda que aos concellos habería que esixirlles que cumpran os prazos; pero en todo caso se trata de subvencións que están xa pautadas para cada concello, e non tería sentido que se perdesen.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto a favor do seu grupo e di que moitas veces os concellos incumpren os prazos pola precariedade de medios administrativos que padecen, polo que entenden que a Deputación debe colaborar para facilitarlles esta cuestión.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Modificar a base 3ª, apartado 2º, das bases para elaboración e execución do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial para o exercicio 2020, que terá o seguinte contido:

2.- Prazo de presentación de solicitudes: As solicitudes deberán dirixírselle ao presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro electrónico xeral da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, antes de que remate o día 10 de xaneiro de 2020. Este prazo terá carácter improrrogable . A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan provincial.

2º.- Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

8º.- PROGRAMA BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO 2020.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación, ábrese o debate entre os grupos, producíndose as intervencións que se resumen a continuación:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, anuncia o seu voto a favor deste programa de cooperación, pero pide que no

vindeiro programa que se elabore se reconsidera o corte establecido nos 12.000 habitantes para o acceso á subvención de dous técnicos, dado que con esa regra o concello de Xinzo de Limita só ten subvencionado un técnico, e considera que a súa problemática é a mesma que a de concellos como O Barco, O Carballiño ou Verín, que teñen dous técnicos subvencionados, e Xinzo debería dispoñer tamén desa mesma subvención.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que a competencia de xestión nesta materia é exclusivamente da Xunta de Galicia, que descarga esta responsabilidade nos concellos, o que, unido ao servizo de axuda no fogar, implica un elevado custe para os concellos, malia que responde a unha necesidade da poboación, en especial en provincias avellentadas como Ourense. Sen prexuízo do anterior, e en tanto a Xunta non asuma esta cuestión, o seu grupo ve acaído que a Deputación preste axuda económica aos concellos, polo que votarán a favor deste programa.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, coincide co Sr. Varela en canto a que esta é unha competencia impropia, e di que o programa consiste na concesión de axudas económicas aos concellos e demais entidades locais para os gastos de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, sendo as contías das axudas acordes cos módulos establecidos para as UNIS e UTES, polo que o programa lles parece axeitado e votarán a favor.

Dona Rosario Rodríguez Delgado, portavoz do Grupo Socialista, cre que isto debería ser competencia da Xunta de Galicia, e cre tamén que habería que modificar a contía das axudas económicas, tanto para gastos de persoal do A1 como do A2, porque é totalmente insuficiente; di tamén que habería que facer unha revisión da sede electrónica da Deputación, de xeito que se dispuxese na sede dos distintos procedementos específicos, e non ir todo a instancias de carácter xeral.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, matiza as afirmacións dos portavoces dos grupos do BNG, DO e Socialista en canto ao carácter impropio da competencia da Deputación nesta materia, lembrando que o artigo 63 da Lei 13/2008, de 1 de decembro, dos servizos sociais de Galicia, aprobada a instancias do Goberno bipartito, establece a competencia das deputacións para prestar asistencia económica, técnica e xurídicas aos concellos en materia de servizos comunitarios básicos, especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, algo que logo desenvolve o Decreto 99/2012 de 16 de marzo, sobre os servizos comunitarios e o seu financiamento, e que esta Deputación leva realizando

dende o ano 2012. Por tanto, si é unha competencia provincial, en tanto non mude a Lei, e así se ven cumprindo pola Deputación de Ourense. En canto a outros aspectos do debate, comprende que na situación de reto demográfico, que non só afecta a Ourense senón a toda España, as achegas poden resultar escasas, pero as disponibilidades orzamentarias son as que son e esta materia, de momento, está regulada nestes termos.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do programa BenOurense Persoal Técnico 2020, co seguinte teor literal:

I) Bases xerais:

A) Obxecto e alcance do Programa:

Constitúe o obxecto do presente Programa Provincial de Asistencia Económica, Técnica e Xurídica aos Concellos en materia de Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2020, denominado Programa BenOurense Persoal Técnico, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do Programa cingúese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este Programa refírese á

1. Acción 1ª.asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.
2. Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados pola Deputación e que deberán ser descargados na aplicación informática <http://benourense.depourense.es> .

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación. A comunicación da adhesión asinaráa dixitalmente o/ alcalde/esa, presidente/a ou secretario/a da entidade local e presentarase telematicamente no Rexistro da Deputación de Ourense. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local ao Programa, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os

efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente Programa ou no modelo de adhesión.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior se entenderá que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións.

Coa adhesión os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa e, de forma específica, a aceptación das normas de uso da plataforma informática <http://benourense.depourense.es> no programa para a contratación de persoal técnico.

C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita Ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 70 % do importe máximo total de subvención previsto:

Antes do 1 de maio, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo a xustificar, do 70 % do importe máximo de subvención total previsto a cada concello sempre que a entidade beneficiaria teña introducido no programa de seguimento da

Deputación de Ourense os datos referidos ó persoal contratado ou adscrito. O 30% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases.

Para o libramento do anticipo da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.4) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de se-lo caso.

E) Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dous datos persoais e á libre circulación destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dós dereitos dixitais, ao ser a achega dous datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dous requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dous datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) O delegado de protección de datos é o vicesecretario xeral dá Deputación Provincial de Ourense, don Juan Marquina Fuentes, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317620 e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) dá Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo prevese na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.es

As publicacións referidas se manterán durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e ou resto de documentación obrante non expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os seus efectos dá formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra ou acto de resolución, e baixo a condición de que vos datos de identidade persoal dous interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dous datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións,

en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva .

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido ou prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE

2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que considere oportunas en relación co tratamento dúas seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

F) Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2020 e 2021. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

G) Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.

b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Transcorridos quince días dende esta publicación remitirase telematicamente á Deputación de Ourense fotografías no que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, trala tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

II) Bases relativas á Acción 1: Equipos técnicos municipais de servizos sociais:

II.1 Obxecto:

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no Anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente Programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais.

Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2020. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de **6 meses no exercicio 2020 e en xornada superior ás 20 horas semanais**. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

A subvención concedida pola Deputación de Ourense para a contratación/adscrición será incompatible con calquera outra concedida por outra administración pública para o cofinanciamento do mesmo contrato/retribución.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co Anexo I do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro

a) Entidades locais de áreas rurais de máis de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 10.000 e ata 15.000 habitantes : 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes : 1 técnico/a igual o equivalente a un

grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e 1 técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

II.2. Contía da subvención:

O importe da subvención por profesional será equivalente ao módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento modificados por Orde de 13 de xullo de 2016 (D.O.G número 140 de 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a Grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.

- Por cada Técnico/a Grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do Programa.

II.3. Xustificación e pagamento:

A xustificación realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez realizado o(s) contrato(s) ou nomeamento(s) do persoal técnico, o concello ou mancomunidade terá que introducir no sistema de xestión telemática os datos referidos a este contrato ou nomeamento, especificando categoría profesional, xornada de traballo, nome, apelidos e NIF, e o custo laboral previsto para estas persoas desagregando a retribución bruta e o custo de seguridade social con cargo á entidade local.

No suposto en que a entidade local xa dispuxese do persoal técnico obxecto de subvención con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2020, farase constar esta circunstancia, considerándose que o persoal está contratado ou nomeado con data de 1 de xaneiro, para os efectos da xustificación da subvención.

Para a carga dos datos no sistema deberá utilizarse o modelo definido pola Deputación e que será descargado da propia plataforma informática. O sistema permitirá xerar a certificación final, que deberá remitirse telematicamente ao rexistro electrónico da Deputación ata o 15 de decembro de 2020, xunto cunha memoria descritiva dos servizos sociais efectivamente prestados segundo o modelo que figure na plataforma.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta

declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007 , de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos de xeito automático ou tales datos non estean volcados na plataforma de intermediación de datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación deles.

A recepción da certificación e a memoria equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose no prazo máximo de 30 días naturais ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 30 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base II.1, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

b) O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable, agás causa debidamente xustificada. En todo caso, a prórroga deberá solicitarse antes do 15 de decembro de 2020, e poderá concederse, sempre que se aprecie a concorrencia de causa xustificativa, como máximo ata o 1 de marzo de 2021. En ningún caso se concederá prórroga para un prazo vencido. Aquelas entidades que non presenten a xustificación no prazo previsto, sexa este o xeral previsto nestas bases ou excepcional outorgado tras unha petición razoada, terán unha penalización equivalente o 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

III. Bases relativas á Acción 2: Asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados/as públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

Anexo I

Entidade Local Prestadora SSCM	Unidade Técnica	Área	Grupo A Subg. A2	Módulo Económico	Grupo A Subg. A1	Módulo Económico	Total Entidade
Allariz	UTES	RURAL 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	SEMIURB. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	RURAL 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Carballiño, O	UNIS	RURAL 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	RURAL 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	RURAL 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	UTES	RURAL 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	RURAL 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	RURAL 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	RURAL 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTES	RURAL 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	RURAL 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	RURAL 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Anexo II

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa seguridade social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

D/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade
....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta,

PRIMEIRO: Que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SEGUNDO: Que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración,

En _____, o _____ de _____ de _____.

Asdo.:

Ourense, ... de de 201....

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

9º.- APROBACIÓN INICIAL DO PROGRAMA DE ASISTENCIA ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA PARA O EXERCICIO 2020.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

A continuación, ábrese o debate entre os grupos, producíndose as intervencións que se resumen a continuación:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, agradece a don Javier Bobe Vázquez, director da Área de Medio Ambiente da que depende o Servizo de Augas desta Deputación, pola brillante explicación deste programa na comisión informativa, anunciando o seu voto a favor.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que de ter algún sentido a existencia das deputacións provinciais, este é o de prestar servizos aos pequenos concellos; neste caso ademais a adhesión aos servizos de asistencia é voluntaria e para os servizos que en cada caso se consideren necesarios polos concellos, e que permitirá unha homoxeneización dos servizos de ciclo hidráulico nos concellos rurais, polo que anuncia o seu voto a favor.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, súmase á palabras de agradecemento ao Sr. Bobe Vázquez, non só polas

explicacións dadas na comisión informativas senón tamén polo espléndido traballo previo na elaboración deste programa de asistencia, nunha materia certamente complexa, e que responde a unha función esencial que debe cumprir a Deputación.

Don Álvaro Vila Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que a complexidade dos servizos relacionados co ciclo hidráulico fai moi necesaria esta colaboración da Deputación cos concellos, polo que o Grupo Socialista anuncia o seu voto a favor.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este programa é unha ferramenta máis de asistencia técnica desta Deputación aos concellos, e di que o principal problema desta provincia non son tanto as infraestruturas (que tamén o son) senón o feito de que, segundo os datos da enquisa de infraestruturas e equipamentos locais que elabora esta Deputación, nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia hai uns 2.000 sistemas de abastecemento, que dan servizo ao 99,27 % dos núcleos de poboación, dos que aproximadamente o 50 %, uns 1.000, son xestionados por comunidades de veciños, e o resto polos propios concellos (aínda que ese 50 % de infraestruturas municipais dá servizo ao 77 % da poboación) e os concellos terán que estar preparados porque, antes ou despois, terán que intervir dalgún xeito en relación cos abastecementos veciñais. Di que o goberno provincial persegue con esta asistencia técnica garantir a eficiencia e axilidade na xestión dos concellos, e que no momento actual estase a estudar por parte da Xunta de Galicia a creación dunha empresa pública para a xestión integral dos servizos relacionados co ciclo hidráulico, a chamada SOGAMA da auga, pero que isto aínda está moi verde e aínda que se poña en marcha a Deputación manterá este programa de asistencia en tanto os concellos o demanden, respectando sempre a autonomía municipal e coa posibilidade de adapta-lo cada ano – dado o seu carácter anual - ás necesidades que vaian xurdindo.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Programa de Asistencia ás Entidades Locais para a Xestión dos Servizos Municipais do Ciclo da Auga para o exercicio 2020, co seguinte contido:

1) Obxecto.

1. Constitúe o obxecto deste programa a regulación das condicións para a prestación ás entidades locais da provincia de Ourense da asistencia técnica, xurídica e administrativa para a xestión dos servizos municipais do ciclo da auga durante o exercicio 2020.

2. Este programa adóptase no exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais prevista no artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, tendo en conta as competencias de xestión dos servizos públicos de abastecemento domiciliario de auga potable, evacuación e depuración de augas residuais da totalidade dos municipios da provincia.

2) Condicións da prestación do servizo.

A Deputación Provincial de Ourense prestaralle ás entidades locais da provincia de Ourense as seguintes asistencias técnicas:

A. Con carácter xeral a calquera entidade local que o solicite:

a. Abastecemento

- A 1. Análise completa: Recollida de mostras, análise completo e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 2. Análise para captación de auga para o consumo humano en municipios de < 50 habitantes: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 3. Análise para captación de auga para o consumo humano en municipios de > 50 habitantes: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 4. Análise de auga na billa: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 5. Análise de control de rede ou depósito: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 6. Análise de microcistinas: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.

- A 7. Análise de radioactividade - DIT: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 8. Análise de radioactividade – Radon: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 9. Análise de radionucleidos: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 10. Análise de trihalometanos: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 11. Análise de praguicidas: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 12. Análise de parámetros complementarios do da billa segundo o tipo de tubeira, rede ou depósito: Recollida de mostras, análise completo e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 13. Análise de parámetros non recollidos nas accións A1 a A12: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 14. Asesoramento do persoal de mantemento das instalacións destinadas a augas de consumo humano: asesoramento técnico - administrativo ao persoal de mantemento das entidades locais para a correcta realización das tarefas de mantemento e operatividade nas instalacións destinadas a augas de consumo.
- A 15. Asistencia para a facturación e cobro e xestión comercial do ciclo hidráulico.
- A 16. Sinalización de instalacións: carteis para fontes sen control sanitario.
- A 17. Sinalización de instalacións: carteis para o servizo de abastecemento, captación, depósito e ETAP.
- A 18. Concesións demaniais para abastecementos de auga potable: xestión e elaboración da documentación necesaria a fin de obter o permiso do correspondente organismo de cunca (toma de datos, elaboración de planos, elaboración da memoria, formularios e impresión de documentos).

- A 19. Realización da análise contraditoria de analítica de auga na billa: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 20. Realización da análise contraditoria de analítica de control de auga: Recollida de mostras, análise e realización de informe sobre os resultados obtidos a fin de cumprir as obrigas recollidas no RD 140/2003.
- A 21. Control de alarmas: Recepción e xestión do sistema de aviso de alarmas ante un funcionamento incorrecto e traslado da información ao persoal designado polas entidades locais.
- A 22. Cortes e restablecementos do subministro do servizo.
- A 23. Explotación de servizos de abastecemento con potabilizadora: Supervisión, control e mantemento preventivo do funcionamento deste tipo de instalacións: pautas de funcionamento, dosificación dos produtos e proceso que deberá adoptar o persoal das entidades locais que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento. A asistencia técnica pode consistir:
- a. Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:
 - i. Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento e a ETAP, coas súas características técnicas e actualización dos protocolos de abastecemento (sempre e cando, o protocolo fose o realizado pola concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación coas entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente).
 - ii. Realización dun plan de xestión e mantemento preventivo e control de datos. Inclúe o listado de tarefas que deberá realizar o persoal encargado do servizo, tanto das zonas de abastecemento como da ETAP.
 - iii. Realización dunha avaliación previa ás visitas de inspección da zona de abastecemento e ETAP por parte da autoridade sanitaria. Inclúe a elaboración dun informe no que se recollan os aspectos que, de ser o caso, deban ser corrixidos ou mellorados para o cumprimento rigoroso dos criterios establecidos pola autoridade sanitaria.

- iv. Asistencia para resolver as incidencias que se ocasionen no servizo (non se inclúen as avarías na rede de abastecemento). No caso de que para a resolución do problema sexa necesario substituír un equipo, reparalo ou adquirir novos materiais/accesorios, realizarase, unicamente, unha valoración económica.
- b. Con visitas periódicas. Comprende a realización das prestacións anteriores e, ademais:
 - i. Toma de datos dos equipos (horas de funcionamento, comprobación do estado de funcionamento, consumos eléctricos, ...).
 - ii. Entrega dos partes de control de mantemento e datos e recollida dos cumprimentados no mes anterior.
 - iii. Análises de parámetros organolépticos “in situ” (cloro, cloro combinado, turbidez, pH, olor e cor).
 - iv. Control da dosificación de cloro nos depósitos de distribución e control da dosificación de reactivos do proceso, tales como, hipoclorito sódico, policloruro de aluminio, etc.
 - v. Realización das propostas de mellora, orientadas a unha redución de custes enerxéticos, de mantemento ou de calidade de auga que poidan ser implantados, tales como, automatización da dosificación de cloro, automatización dos bombeos, sistemas de alarmas, substitución de area nos filtros, etc., previa aceptación por parte da entidade local.

A 24. Explotación de servizos de abastecemento sen potabilizadora: Supervisión, control e mantemento preventivo do funcionamento dos sistemas de abastecemento de auga destinada ao consumo humano: pautas de funcionamento, dosificación dos produtos e proceso que deberá adoptar o persoal das entidades locais que realiza as tarefas diarias no servizo de abastecemento. A asistencia técnica pode consistir:

- a. Sen visitas: Comprende as seguintes prestacións:
 - i. Realización do inventario dos elementos que compoñen as zonas de abastecemento coas súas características técnicas e actualización dos protocolos de abastecemento (sempre e cando, o protocolo fose o realizado pola concesionaria do servizo provincial de asistencia e

cooperación coas entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente).

- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A37 Xestión SINAC e programación anual.

VILAR DE BARRIO

- A1 Análise completa.
- A4 Análise de billa.
- A5 Análise de control de rede ou depósito.
- A6 Análise de microcistinas.
- A7 Análise de radioactividade - DIT.
- A8 Análise de radioactividade - Radon.
- A9 Análise de radionucleidos.
- A10 Análise de trihalometanos.
- A11 Análise de praguicidas.
- A12 Análise parámetro complementario do da billa.
- A13 Análise resto de parámetros.
- A14 Asesoramento do persoal mantemento.
- A18 Concesións demaniais para abastecementos.
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.

- A37 Xestión SINAC e programación anual.
- B1 Análise de lexionela.
- B2 Análise de piscina climatizada.
- B3 Análise de piscina non climatizada.
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas.
- B5 Protocolo de piscina aire libre.
- B6 Protocolo de piscina cuberta.
- B7 Remisión información ministerio sanidade (SILOE).
- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes.
- S12 Limpeza de fosas sépticas.

VILAR DE SANTOS

- A1 Análise completa.
- A4 Análise de billa.
- A5 Análise de control de rede ou depósito.
- A6 Análise de microcistinas.
- A7 Análise de radioactividade - DIT.
- A8 Análise de radioactividade - Radon.
- A9 Análise de radionucleidos.
- A10 Análise de trihalometanos.
- A11 Análise de praguicidas
- A12 Análise parámetro complementario do da billa.
- A13 Análise resto de parámetros.
- A14 Asesoramento do persoal mantemento.
- A18 Concesións demaniais para abastecementos.
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A37 Xestión SINAC e programación anual.
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas.
- B5 Protocolo de piscina aire libre.
- B6 Protocolo de piscina cuberta.

- S12 Limpeza de fosas sépticas.
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas.
- S14 Mantemento EDAR compactas.

VILARDEVÓS

- A1 Análise completa.
- A4 Análise de billa.
- A5 Análise de control de rede ou depósito.
- A6 Análise de microcistinas.
- A7 Análise de radioactividade - DIT.
- A8 Análise de radioactividade - Radon.
- A9 Análise de radionucleidos.
- A10 Análise de trihalometanos.
- A11 Análise de praguicidas.
- A12 Análise parámetro complementario do da billa.
- A13 Análise resto de parámetros.
- A14 Asesoramento do persoal mantemento.
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A37 Xestión SINAC e programación anual.
- B1 Análise de lexionela.
- B2 Análise de piscina climatizada.
- B3 Análise de piscina non climatizada.
- B4 Modificación do protocolo de autocontrol de piscinas.
- B5 Protocolo de piscina aire libre.
- B6 Protocolo de piscina cuberta.
- B7 Remisión información ministerio sanidade (SILOE).
- S13 Limpeza pozo EDAR compactas.
- S14 Mantemento EDAR compactas.

VILARIÑO DE CONSO

- A1 Análise completa.

- A4 Análise de billa.
- A5 Análise de control de rede ou depósito.
- A6 Análise de microcistinas.
- A7 Análise de radioactividade - DIT.
- A8 Análise de radioactividade - Radon.
- A9 Análise de radionucleidos.
- A10 Análise de trihalometanos.
- A11 Análise de praguicidas.
- A12 Análise parámetro complementario do da billa.
- A13 Análise resto de parámetros.
- A14 Asesoramento do persoal mantemento.
- A18 Concesións demaniais para abastecementos.
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A37 Xestión SINAC e programación anual.
- S12 Limpeza de fosas sépticas.

XINZO DE LIMIA

- A18 Concesións de auga abastecemento.

XUNQUEIRA DE AMBÍA

- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes.

XUNQUEIRA DE ESPADANEDO

- A1 Análise completa.
- A4 Análise de billa.
- A5 Análise de control de rede ou depósito.
- A6 Análise de microcistinas.
- A7 Análise de radioactividade - DIT.
- A8 Análise de radioactividade - Radon.
- A9 Análise de radionucleidos.

- A10 Análise de trihalometanos.
- A11 Análise de praguicidas.
- A12 Análise parámetro complementario do da billa.
- A13 Análise resto de parámetros.
- A14 Asesoramento do persoal mantemento.
- A31 Realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A34 Modificación Protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo.
- A37 Xestión SINAC e programación anual.
- S5 Autorización vertido poboación maior a 250 habitantes equivalentes.
- S6 Autorización vertido poboación menor a 250 habitantes equivalentes.
- S12 Limpeza de fosas sépticas.

ANEXO II

RELACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS ADHERIDAS AOS EXTINTOS CONVENIOS OU PROGRAMAS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CICLO DA AUGA.

- Convenio marco de regulación das condicións de prestación por esta deputación provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para realización do protocolo de autocontrol e xestión dos abastecementos de auga de consumo humano:
 - Concellos adheridos: Avión, Baltar, Bande, Boborás, A Bola, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Cualedro, Entrimo, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Lobeira, Lobios, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, Pobra de Trives, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, A Rúa, Rubiá, San Cristovo de Cea, Sarreaus, A Teixeira, Trasmiras, A Veiga, Vereá, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xunqueira de Espadañedo.
 - Accións do programa: A34 e A31.
- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o concello de Toén para a prestación de asistencia técnica no mantemento preventivo da EDAR de Alongos no exercicio 2012 e seguintes:
 - Concello adherido: Toén.
 - Acción do programa: S9.
- Programa de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Toén, para a prestación de asistencia técnica para a xestión do bombeo de auga residual en Puga:
 - Concello adherido: Toén.
 - Acción do programa: S8c.

- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o concello de Cortegada para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de lectura, facturación e cobro da taxa por abastecemento domiciliario de auga potable no exercicio 2013 e seguintes:
 - Concello adherido: Cortegada.
 - Accións do programa: A15, A25, A33 e A35.
- Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para limpeza de depósitos de auga e abastecemento durante os exercicios 2012 e seguintes:
 - Concellos adheridos: Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Cualedro, A Merca, Paderne de Allariz, Parada do Sil, Trasmiras e Vilamartín de Valdeorras.
 - Acción do programa: A26.
- Convenio marco de cooperación coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a limpeza, baleirado e xestión de lodos de fosas sépticas de titularidade pública local durante os exercicios 2013 e seguintes:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Avión, Bande, Boborás, A Bola, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Cualedro, Esgos, O Irixo, Laza, Lobeira, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Monterrei, Muíños, Paderne de Allariz, Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Piñor, Pobra de Trives, Pontedeva, Porqueira, Rairiz de Veiga, Ramirás, San Amaro, San Xoán de Río, Sandiás, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, Vereá, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilariño de Conso e Xunqueira de Espadañedo.
 - Acción do programa: S12.
- Convenio de cooperación co concello de Carballeda de Valdeorras para a prestación de asistencia técnica para o mantemento e control do servizo municipal de abastecemento no núcleo de Sobradelo:
 - Concello adherido: Carballeda de Valdeorras.
 - Acción do programa: A24a.
- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Muíños, para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de lectura,

facturación e cobro da taxa por abastecemento domiciliario de auga potable no exercicio 2013:

- Concello adherido: Muíños.
- Accións do programa: A24, A25, A26 e A29.
- Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de control sanitario de augas de baño durante os exercicios 2015 e seguintes:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Avión, Bande, Barbadás, A Bola, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Cenlle, Coles, Cortegada, Esgos, A Gudiña, Larouco, Laza, Manzaneda, Maside, A Merca, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, O Pereiro de Aguiar, Rairiz de Veiga, Rubiá, San Cristovo de Cea, Sarreaus, Trasmiras, A Veiga, Vereá, Vilamarín, Vilar de Barrio e Vilardevós.
 - Accións do programa: B1, B2, B3 e B7.
- Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de realización do protocolo de autocontrol de piscinas:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Avión, Bande, Barbadás, A Bola, Castrelo do Val, A Gudiña, Lobios, A Mezquita, Oímbra, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, San Cristovo de Cea, Vereá, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Vilardevós.
 - Accións do programa: B4, B5 e B6.
- Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades da provincia para o cumprimento das obrigas municipais en materia de augas destinadas ao consumo humano previstas no real decreto 140/2003:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Beade, Beariz, Boborás, A Bola, O Bolo, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Gomesende, A Gudiña, O Irixo, Larouco, Laza, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, A Mezquita, Montederramo, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra,

Paderne de Allariz, Padrenda, Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, Petín, Piñor, Pobra de Trives, Pontedeva, Porqueira, Puxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, A Rúa, Rubiá, San Cristovo de Cea, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, A Teixeira, Trasmiras, A Veiga, Vereá, Vilamarín, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso e Xunqueira de Espadañedo.

- Accións do programa: A1, A4, A5, A6, A7, A8, A9, A10, A11, A12, A13, A14 e A37.
- Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de concesións demaniais de abastecemento de auga potable:
 - Concellos adheridos: Avión, Bande, Beariz, A Bola, O Bolo, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Cualedro, Esgos, A Gudiña, Laza, Leiro, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, Montederramo, Monterrei, Muíños, Oímbra, Paderne de Allariz, Parada do Sil, Petín, Pontedeva, Rairiz de Veiga, Ramirás, Rubiá, San Xoán de Río, Taboadela, A Teixeira, A Veiga, Vereá, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilariño de Conso e Xinzo de Limia.
 - Acción do programa: A18.
- Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións depuradoras de augas residuais de tipo biolóxico e biodiscos durante os exercicios 2015 e seguintes:
 - Concellos adheridos: Manzaneda, A Merca, Muíños, Pobra de Trives e Vilamarín.
 - Acción do programa: S9.
- Convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de autorizacións de vertidos de augas residuais urbanas municipais durante os exercicios 2015 e seguintes:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Avión, Baltar, Bande, Beariz, A Bola, Carballeda de Valdeorras, Cartelle, Castrelo do Val, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Lobeira, Manzaneda, A Merca,

Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Paderne de Allariz, Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, Piñor, Pobra de Trives, Punxín, Rairiz de Veiga, Rubiá, San Xoán de Río, Sandiás, Taboadela, Toén, Trasmiras, Verea, Viana do Bolo, Vilamarín, Vilar de Bario, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadañedo.

- Accións do programa: S5 e S6.
- Convenio marco de asistencia técnica aos municipios e demais entidades locais para o control e mantemento de depuradoras compactas:
 - Entidades locais adheridas: Concellos de Amoeiro, Arnoia, Baltar, Beade, Beariz, A Bola, Cartelle, Cenlle, Entrimo, Esgos, A Gudiña, O Irixo, Maceda, A Merca, A Mezquita, Oímbra, Paderne de Allariz, Padrenda, Peares, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Pontedeva, Porqueira, Ramirás, Riós, San Cristovo de Cea, A Teixeira, Trasmiras, Verín, Vilamarín, Vilar de Santos, Vilardevós e Consorcio de Os Peares.
 - Accións do programa: S13 e S14.
- Convenio marco de asistencia técnica aos municipios e demais entidades locais para a xestión das instalacións de produción e distribución de augas de consumo humano:
 - Concellos adheridos: Amoeiro, Avión, Cenlle, A Merca, Monterrei, Pobra de Trives, Porqueira, Sandiás, Verea e Vilamartín de Valdeorras.
 - Accións do programa: A23 e A24.
- Convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades da provincia para a prestación de asistencia técnica no relativo á xestión de abonados nos servizos municipais do ciclo urbano da auga:
 - Concellos adheridos: Gomesende e Verea.
 - Accións do programa: A15, A25, A30, A33, A35 e S17.
- Programa de asistencia ao Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión dos servizos municipais do ciclo urbano da auga, delegados no consorcio para o exercicio 2019.
 - Entidade local adherida: Consorcio de augas de Valdeorras.
 - Accións do programa: Asistencia técnica dos servizos municipais do ciclo de auga ao Consorcio de Augas de Valdeorras.

- Programa de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos de Nogueira de Ramuín e O Pereiro de Aguiar, para a prestación de asistencia técnica para a xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias e bombeo en alta.
 - Concellos adheridos: Nogueira de Ramuín e O Pereiro de Aguiar.
 - Acción do programa: Asistencia técnica para a xestión da estación de tratamento de auga potable de Melias e bombeo en alta.

2º) Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á súa publicación, sen prexuízo da súa inmediata entrada en vigor.

10º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e, trala ratificación por unanimidade da inclusión do asunto na orde do día, por unanimidade dos membros da Corporación presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Estimar a alegación formulada polo Concello de Castrelo de Miño en relación coa aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense.

2º) Aprobar definitivamente a dita modificación, conforme ao texto aprobado na sesión plenaria de 25 de outubro de 2019, coas seguintes adicións:

a) No artigo 1.1., engádese Castrelo de Miño ao ámbito de aplicación da ordenanza fiscal.

b) Na disposición derogatoria, engádese ás ordenanzas fiscais que se derrogan a ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo municipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e puntos limpos do Concello de Castrelo de Miño,

publicada no BOP nº 273 de 2 de decembro de 2011, así como a súa modificación publicada no BOP nº 286, de 15 de decembro de 2016.

3º) O presente acordo de aprobación definitiva queda condicionado a que non se presenten outras alegacións, reclamacións ou suxestións no período de exposición pública. No caso de que efectivamente se presenten, a aprobación definitiva carecerá de eficacia ata a resolución expresa desas alegacións, reclamacións ou suxestións nun pleno posterior.

4º) Ordenar a publicación do presente acordo, unha vez que adquira eficacia, e do texto íntegro da ordenanza coas modificacións aprobadas, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor conforme ao disposto no artigo 17.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O ENLACE ENTRE A AUTOVÍA A-52 E OS POLÍGONOS INDUSTRIAIS DA ÁREA URBANA DE OURENSE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que o asunto que trata a moción é un tema estratéxico relacionado coa mobilidade da área industrial máis importante de Galicia, e do que se trata é de que esa mobilidade, tal e como se planificou no seu día pola Xunta de Galicia, se leve á práctica. Dá lectura ao texto da moción, na que, en resumo se di que o enlace entre a A – 52 e o polígono industrial de San Cibrao afecta á mobilidade de toda a área industrial e mesmo da área metropolitana de Ourense, o que esixe unha vía de alta capacidade que chegue directamente aos 4 millóns de m2 desta área industrial; explica que foi unha obra licitada pola Xunta de Galicia por 17 millóns de euros máis IVE que se adjudicou en 13 millóns de euros máis IVE, cunha rebaixa total de 6 millóns de euros, rebaixa que se traduciu nunha rebaixa da categoría do viario, pasando de ser unha autovía con dous carrís (que era o previsto no plan estratéxico) a ser unha vía convencional normal, e por outra banda, das actuacións previstas só se está a executar unha parte que remata nun cruce a dous quilómetros do polígono industrial, e polo tanto o enlace no será directo e perderá calidade en canto á súa capacidade de mobilidade. Explica que este viario formaba parte do Plan Sectorial da Rede Viaria e Ourense e a súa Área de Influencia, aprobado polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo en 2013, e que prevía unhas 40 actuacións sobre 135 quilómetros, cun importante montante económico do que non se leva feito practicamente nada (de feito, os tramos da actuación á que se refire a moción, que son tres,

tiñan que estar rematados en 2020, e é imposible xa porque non está nin redactado o segundo tramo). Por tanto, esta ronda A – 52 - A – 76 ten que tomar o pulo que merece, tal e como se acordara no seu día nunha moción aprobada pola Deputación e preparada polo deputado socialista don Álvaro Vila, e o que agora se pide son tres cousas moi sinxelas: primeiro, a execución completa do enlace, que xa tiña que estar; segundo, que se faga con características de autovía o enlace completo, o que garantiría o enlace directo; e terceiro, dar traslado desta petición ao Consello da Xunta de Galicia, que é que ten as competencias neste asunto.

A continuación, ábrese o debate, producíndose as intervencións que, de xeito resumido, se reflicten a continuación:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que consultou este asunto co alcalde de San Cibrao, coa deputada de San Cibrao no Parlamento e cos directivos das asociacións de empresarios do polígono. A este respecto, dille ao portavoz do Grupo Socialista que os directivos da asociación de empresarios do polígono manifestaron a súa sorpresa porque se presentase esta moción sen consultarlles, porque eles entenden que a vía de alta capacidade que propugna o Grupo Socialista non é o máis acaído para as súas necesidades, dado que os empresarios non queren vivir enfrontados aos veciños de San Cibrao, e a execución desa vía daría lugar a expropiacións e problemas nese senso. Polo exposto, anuncia a súa abstención, ao entender que para traer unha moción como esta habería que ter moita máis información sobre as necesidades dos empresarios e propor así uns acordos máis amplos e definidos.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que non tivo oportunidade de reunirse cos empresarios e non sabe se o máis acaído sería unha autovía ou unha vía convencional, ou que remate nun ou noutro punto, pero o que non ten sentido é que remate onde remata agora a actuación en execución, e non hai máis que ir a velo sobre o terreo. En todo caso, si cre que hai que pedirlle á Xunta de Galicia que, en contacto cos empresarios e os veciños, dea unha solución ao enlace directo coa A – 52, e dende logo o que si lle consta é que os veciños de Allariz cos que falou manifestáronlle que seguirían a utilizar a N – 525, porque o novo enlace non supón ningunha mellora para eles. En consecuencia, si considera acaído que se traia esta moción, e anuncia o seu voto a favor, sen prexuízo de que finalmente a Xunta poida modificar o proxecto de acordo coas peticións ou necesidades dos empresarios do polígono.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que hai que matizar varias cousas que se din na moción. En primeiro lugar, di que este enlace non está pensado para acceso ás persoas ao polígono, senón para da acceso á carga pesada, no marco do proxecto da Cidade do Transporte, e este é o obxectivo orixinario desta obra, e ninguén propón poder chegar ao polígono pola A – 52, dado que o acceso natural dende a cidade de Ourense sería a N – 525, ou a antiga nacional por Bemposta, dado que non está concluída como unha vía de acceso dos traballadores, senón como unha vía de saída de mercancías cara a Madrid ou Vigo pola A – 52. Pero ademais hai outros problemas, porque xa no 2013 a oposición no Concello de San Cibrao das Viñas, composta polo PSOE e o BNG, pediu que este proxecto non se levara adiante, afirmando entón o PSOE de San Cibrao que non consideraba adecuado o enlace co parque empresarial dende a N – 525 polo tramo que entón se consideraba, e pedían que se buscara unha alternativa, e incluso houbo unha campaña en Change.org na que se pedía que se paralizase o proxecto, alegándose entre outras cousas que a conexión non cumpría co mínimo de tráfico diario estipulado. Por outra banda, na moción fálase de que este viario estaba previsto no Plan Sectorial da Rede Viaria e Ourense e a súa Área de Influencia, o que é certo, e que ten que enlazar coa A – 76, o que en cambio non está previsto porque a A – 76 aínda non ten o trazado definitivo ao seu paso pola cidade de Ourense, estando pendentes de licitación actualmente os tramos da comarca de Valdeorras. Di que a cuestión sobre a mobilidade na cidade de Ourense, e niso se está traballando dende o Concello e houbo xa algunha reunión coa conselleira de Infraestruturas, é o compromiso de poñer en marcha definitivamente a circunvalación leste, é dicir, a conexión entre Bemposta e a N – 525, e ese si sería o verdadeiro enlacen entre o centro da cidade e o polígono de San Cibrao das Viñas. Noutra orde de cousas, dende o propio polígono se está a estudar polos empresarios un plan de mobilidade no que tampouco se contempla este enlace. Polo tanto, nestes momentos o que se está a executar é unha obra que permitirá dar conexión ao tráfico de mercancías da - 52 co polígono, e si é certo que o remate desta obra e o seu enlace coa N – 525 á entrada do polígono é algo que podía mellorarse, pero tampouco é algo absolutamente imprescindible, porque remata nunha rotonda e partir de aí xa se accede ao polígono, que se estende ata as proximidades da N – 525, sen prexuízo de que se puidese continuar o enlace ata os terreos onde se prevía a Cidade do Transporte na estrada da Castellana. Engade que xa no seu día estivo en contra do trazado deste viario que se está a

executar agora, polo seu impacto e agresividade, e pola mesma razón non pode estar a favor de facer unha actuación aínda máis agresiva, polo que anuncia o seu voto en contra.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Villarino, sen acritude, como diría Felipe González, que se hoxe fose 28 de decembro se podería entender esta moción, pero como non é así e non somos inocentes, tense que ratificar no xa exposto neste pleno ao denunciar un xeito de facer política baseado na manipulación e na falsidade, ou tamén unha manifesta incompetencia política, e pregúntase como pode pedírselle á Deputación de Ourense que inste á Xunta de Galicia a completar a ronda leste, cando é unha competencia do Ministerio de Fomento, e se non sería máis coherente que se demandase solicitar ao Ministerio que execute os dous ramos pendentes desta ronda leste para unir a A – 52 coa futura A – 76, e xa de paso, que licite o primeiro tramo doutra autovía, a A – 56 Ourense – Lugo, indispensable para esta circunvalación e tamén longamente demandada. Cre que o Sr. Rodríguez Villarino non chegou a ler o Plan Sectorial da Rede Viaria e Ourense e a súa Área de Influencia, porque de telo realmente consultado vería que nese Plan se recolle que o Ministerio será o que execute a A – 76 e a ronda leste de enlace entre esta e a A – 52. En consecuencia, o que está a facer a Xunta de Galicia é adiantar o primeiro tramo desta ronda leste, enlazando a A – 52 co polígono de San Cibrao, e polo tanto a Xunta está a traballar para mellorar a conectividade do parque empresarial de San Cibrao, do parque tecnolóxico de Galicia e do parque empresarial de Pereiro de guiar, que non se mencionou en ningún momento, pero os outros dous tramos son competencia do Ministerio de Fomento, e pregúntase que está a facer o Goberno do PSOE para continuar este viario, e a resposta é nada, porque para ter a ronda leste habería que ter a A – 76 e a A – 56, da que nin sequera está en marcha o primeiro sub – treito en Ourense, entre Eirasvedras e Quintela, e aínda máis, non se explica como non se licita esta variante polo Goberno en funcións do PSOE, cando nos orzamentos xerais do Estado vixentes, os de Rajoy en 2018 prorrogados, hai unha partida de 2,5 millóns de euros para estes traballos, polo que único que falla é vontade política, e a maior abastanza o Sr. Sánchez presentou no seu día un proxecto de orzamentos para o ano 2019 no que non se prevía ningunha partida para este fin, e polo tanto nin licita o que había nin consigna nada nos próximos, e espera que no novo Goberno, cuns socios tan importantes, se acorden destas actuacións. En suma, a ronda leste a integran tres tramos, dos que o primeiro o está a executar a Xunta, con 20 millóns de euros, e xa o está nun 70 %, e os outros dous os ten que executar o Ministerio de Fomento, cun grao de execución do 0 %. Polo tanto, o Grupo

Socialista está a faltar á verdade e a manipular á opinión pública. O que a Xunta está a facer é un enlace rápido e seguro co polígono, que permitirá reducir a sinistralidade e a contaminación acústica na zona, cunha redución do 60 % no actual percorrido, no que actualmente se perden 1 millón de horas anuais, cun tráfico duns 120.000 camiós. Subliñ ademais o compromiso da Deputación cos empresarios do polígono, aos que presta o servizo de intervención en emerxencias e incendios, e lembra o recente compromiso de Núñez Feijóo para que o parque tecnolóxico poña a disposición do polígono industrial 400.000 m2 de terreo para consolidar o seu liderado e dar resposta á demanda de superficie empresarial. Con respecto ao acceso dos traballadores ao polígono, di que o PSOE parece descoñecer o plan de transporte que se porá en marcha en xaneiro e que suporá un incremento do 50 % no número de frecuencias de transportes de autobús, con 14 rutas interurbanas, e se o sabe ocultouno. Di ademais que o futuro Goberno do PSOE cos seus socios especiais – Podemos, Junqueras, Bildu... – vai ter ocasión de quedar retratado cando se poña sobre a mesa a petición dos empresarios de realizar un estudo para unha estación de ferrocarril de mercancías, dado o volume que ten o polígono, e anuncia que os representantes do PP apoiarán este proxecto nesta lexislatura, e agarda que o PSOE faga o mesmo. Polo exposto, anuncia o voto en contra desta moción por extemporánea, oportunista, demagóxica e que só pretende manipular á opinión pública e desprestixiar unha obra longamente demandada.

A continuación, ábrese unha segunda quenda de intervencións, co seguinte resumo:

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille á Sra. Lama que non só hai que ter en conta a opinión dos empresarios do polígono, senón tamén a dos técnicos da Xunta e doutros empresarios preocupados por esta obra, porque ese viario ten pende tes do 6 % e haberá que ver como baixan por aí os vehículos pesados, e de feito a Asociación de Empresarios do Transporte, APETAMCOR, amosou a súa preocupación ao respecto. Di que hai unha grande confusión ao respecto, porque o problema arranca coa non realización doutro tramo, o enlace por Ponte Noalla, que ía don dobre carril pero non se levou a cabo pola oposición veciñal ao respecto. Di que o Sr, Álvarez Dobaño ten o perfil do maltratador, porque primeiro di que vai falar sen acritude e acto seguido lle chama manipulador, falsario e incompetentes político, e pregúntase se lle quedou algo máis por dicir, pero en todo caso agora que ten dedicación exclusiva ten tempo para dedicarse a calumniar nos plenos, e en todo caso ten que dicir del que non sabe ler, ou carece de comprensión lectora, porque o que ven no Plan Sectorial é que son tres tramos, en efecto, pero ten que facer

a Xunta o primeiro e o segundo, é o terceiro, o que enlazará coa futura A – 76, o que ten que facer o Estado, e como o vai facer se o primeiro non está feito. Acusa á conselleira de Infraestruturas de mentir ao falar dun enlace directo con polígono, porque isto non conecta directamente, o que si conecta directamente é o segundo tramo, do que saen dous viarios que si conectan directamente co polígono. Pregúntase como é que os empresarios non queren unha autovía para conectar os transportes de mercancías, e de onde sacan iso. O que si é certo é que se perden 6 millóns de euros, cando no porto exterior da Coruña, que apenas ten empresa, vanse investir 60 millóns, e aquí non van 20, van 13 máis IVE que son 15, e inicialmente ían 17 máis IVE, que si eran 20 millóns. Dá lectura a unha parte do proxecto da obra onde, aludindo a un estudo informativo do ano 2010, se fala de realizar dous tramos, un de enlace directo da A – 52 coa N – 525, evitando o tránsito de tráfico pesado por esta última estrada, e outro que canalice ese tráfico cara ao futuro polígono do Val da Rabeda. Polo tanto, é o Sr. Álvarez Dobaño o que minte. Continúa coa lectura do proxecto, referíndose agora a parte na que se describen as características técnicas da obra, incidindo en que se prevía un viario con dous carrís por cada sentido da circulación, e subliña que isto o di a Xunta de Galicia no seu proxecto, non é unha teima do Grupo Socialista, e pregúntase se é que o goberno provincial quere renunciar a isto. Insiste en que o segundo tramo tamén é competencia da Xunta, e que só é o terceiro o que corresponde ao Estado, e recoméndalle ao Sr. Álvarez Dobaño que mire os planos, preguntándose como vai facer nada o Estado se a parte da Xunta está sen facer. Polo tanto, o Grupo Socialista só está a pedir o que estaba previsto: un enlace directo mediante unha autovía, e isto non é nin extemporáneo nin demagórico, e lembra que no ano 2015 o Pleno da Deputación acordou tamén pedir isto mesmo, dando lectura ao acordo entón adoptado. Rexeita as descualificacións do Sr. Álvarez Dobaño, e dille que por fortuna non teñen a mesma altura ética, engadindo que o PP leva 32 anos enganando á xente. Noutra orde de cousas, engade que na memoria do Plan Sectorial falábase de que o orzamento estimado da obra sería de 15,3 millóns de euros, e logo licitouse por 20 e acabou adxudicándose a COPASA pola mesma cantidade inicialmente prevista, 15 millóns de euros, o que di que é unha coincidencia moi curiosa. Di que é incompreensible que o PP non apoie o proxecto que prevía a Xunta de Galicia. Dirixíndose ao Sr. Caride, dille que se o enlace nuclear para a mobilidade é o que irá con Bemposta, recoméndalle que lea ben o proxecto, porque hai outras cuestións importantes que o seu grupo dirá no seu momento, pero que leve o traballo o Sr. Caride e o estude, e comenta que Cronos é unha empresa que se vai instalar nesa contorna con

400 empregos e que vai necesitar unha conexión viaria axeitada, e cunha autovía iría moito mellor todo, pero non pasa nada; e temos cinco nova extensións de empresas que se instalarán nesa zona e temos colectivos que alegaron contra ese trazado, como APETAMCOR, citando unha información periodística ao respecto, e cunha pendente do 6 % imos ver que vía van utilizar, preguntándose que sabe o Sr. Caride de camións, aínda que supón que nada. Remata insistindo en que non piden máis que a realización da obra planificada no seu día pola Xunta, que se deixe de discriminar á provincia, e que se faga en prazo (porque o segundo tramo tiña que estar rematado en 2020 e non está nin redactado) e di que non ten sentido vir aquí a atacar ao Goberno da Nación, e que a súa moción non ataca á Xunta, e só lle pide que faga o planificado, sendo incomprendible que o PP e DO non o apoiem, o que considera unha mágoa.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, reitera a súa posición, en canto a que é preciso escoitar a tódolos axentes implicados para chegar a unha conclusión, e o que falla hoxe nesta sala é iso. Dille ao Grupo Socialista que segundo lle trasladaron na asociación de empresarios, hai un dato erróneo na moción, porque non son 4 millóns de m2 de solo empresarial, senón xa máis de 5 millóns, e reitera que os empresarios non queren agora unha autovía, senón que están considerando solucións alternativas, subliñando a importancia do consenso entre a cidadanía e os empresarios, dada a proximidade entre o núcleo rural de San Cibrao e o polígono, e cre que o que teríamos que facer é propiciar o diálogo entre todas as institucións e os axentes implicadas para acadar unha solución acaída para todos, e non tirarnos os trastos á cabeza.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que o transporte é a actividade empresarial da súa familia dende hai décadas, con empresas asentadas no polígono dende hai anos, nas que el mesmo realizou funcións xerenciais, compatibilizándoa coa súa dedicación á avogacía, polo que coñece o sector, coñece o polígono de San Cibrao, coñece a asociación de empresarios e coñece a situación. Dille tamén que o que leu en canto a que a obra é o enlace da A – 52 co polígono, destinado ao tráfico de medio e longo percorrido, foi o mesmo que el dixo na súa primeira intervención, que non era o acceso ao polígono dende a cidade ou para os traballadores que se desprazan alí. Di tamén que unha vía con dous carrís é unha estrada convencional, porque a autovía require calzadas independentes. Dille que non desprece a obra de enlace da cidade co polígono por Bemposta, porque é unha obra sinxela, dun quilómetro, que resolvería a dualidade de viarios de acceso que hai hoxe, e ten un custe pero é unha obra

que se está tentando facer. Di ademais que non é o momento de pedir que se paralice ou modifique o trazado da conexión, porque cando unha obra está en execución hai un punto de non retorno, e o que hai que facer e rematar a obra e que entre en servizo, e xa dixo que el persoalmente nunca estivo a favor do trazado desa conexión nin das súas dúas variantes que se consideraron. Concorda en que o investimento no porto exterior da Coruña é algo inaudito, pero non sempre se miden as cuestións en termos de investimentos, senón tamén en termos de oportunidade, necesidade e practicidade, e como dixo a Sra. Lama, antes de ter presentado esta moción o seu grupo debería ter escoitado aos empresarios do polígono, que son os que teñen máis interese no asunto, polo que non considera acertada a apreciación do Sr. Rodríguez Villarino en canto a que no só había que escoitar aos empresarios. Parafraseando ao adestrador do Deportivo da Coruña, Arsenio Iglesias, di que non vai ser todo política, e que ás veces hai que descender aos problemas cotiáns sen entrar en guerras políticas como a que se está a ver neste debate. Reitera a súa opinión en canto a que o que se propón na moción non é axeitado. Doutra banda, cre que hai que insistir en que se cumpran os compromisos do Estado coas infraestruturas da cidade, que son fundamentais para o seu desenvolvemento, como a A – 76, a futura autovía con Lugo ou a variante norte da A – 52, que é necesaria para poder desenvolver o bulevar termal, un proxecto que foi formulado polo PSOE pero que leva parado dende o ano 2011 á espera desa variante, e neste caso hai que recoñecer que o Ministerio non está a facer nada, mentres que a Xunta si está actuando, mellor ou peor, polo que pide que os seus representantes en Santiago e Madrid fagan o seu traballo e consigan que avancen eses proxectos.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non sabe se ten o síndrome do profe gruñón, porque sempre ven aquí a poñer notas a todos, aprobado, notable, sobresaliente, e a si mesmo sempre se da unha matrícula de honra, mentres aos demais os acusa de non saber ler, e en todo caso dende a súa elegancia chamouno a el mentireiro varias veces, e pídelles que le explique como chamarlle manipulador de xeito elegante para que non se sinta molesto. Di que ten dedicación exclusiva, pero que a gana con creces traballando pola provincia, en tanto que ten as súas dúbidas de que o Sr. Rodríguez Villarino se gane a súa, porque non sabe a que se dedica, aparte de montar espectáculos diante de pancartas e cousas así. Pregúntase onde estaban os socialistas para formular alegacións cando se fixo o estudo e o proxecto desta obra de vital importancia para esa área industrial, e supón que entón o Sr. Rodríguez Villarino non estaba moi metido na

política e como os seus compañeiro tampouco lle chegan á sola do zapato, chegou el agora como redentor da provincia e salvador da patria. Pregúntase que pretenden agora, poñendo en dúbida unha obra tan importante cando se está executando xa no 70 %, segundo os datos técnicos. Pregúntase tamén como é que agocha as competencias do Ministerio de Fomento nesta ronda leste á que nos referimos, e por que non se executaron os 2,5 millóns dos orzamentos estatais de 2018, e por que o proxecto de orzamentos do Sr. Sánchez para o ano 2019 non prevía nada para isto. Remata cun breve consello *navideño*, recomendándolle ao Sr. Rodríguez Villarino que non siga por ese camiño, ou acabará guisándose na súa propia salsa.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, pecha o debate, dicíndolle á Sra. Lama que lle sorprende o que di dos empresarios do polígono de San Cibrao, e pregúntase por que non alegaron no seu día contra o proxecto, como diría o Sr. Álvarez Dobaño, engadindo que tentou reunirse con eles en varias ocasións e iso se lle negou, cousa que non sucedeu cos do polígono Barreiros, e en todo caos está disposto a reunirse con eles, pero sorpréndelle que unha asociación de empresarios desprece melloras nun trazado e bote pedras contra o seu propio tellado, agás que alguén lles dixera politicamente que quietiños, que é posible. Dille ao Sr. Caride que na memoria se explicaba claramente que o que se proxectaba era unha autovía con dúas calzadas separadas, dando novamente lectura ás características técnicas consignadas no documento. Pide que non terxiverse as súas palabras, porque non dixo que non houbera que contar cos empresarios, hai que contar con eles, pero a súa opinión non é a única relevante, e tamén hai empresarios que non están representados por esa asociación e hai mais polígonos, e dende logo había alternativas mellores, porque o 6 % de pendente non o quere ninguén. Di que se esta non é a proposta máis axeitada, iso llo ten que dicir á Xunta de Galicia, que foi quen fixo a proposta orixinal do enlace. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que se cre que ten o síndrome de profe gruñón, que lle pregunte ao seu compañeiro de grupo, o Sr. Pérez Pérez, que foi alumno seu. Dille tamén que o que el non fai é acusar aos demais de cousas que lle pasan a un mesmo, como cando o acusa de falsear datos e manipular cando o que dixo está nos planos, e é o Sr. Álvarez Dobaño o que, ou non sabe lellos, que ten remedio, ou é un manipulador, o que é máis grave, porque é unha perversión. Insiste en que non entende que o PP e DO voten en contra desta proposta, cando é o que aprobou a Xunta no seu día, e que sexan capaces de facelo e ademais botarlle a culpa a Pedro Sánchez, e dilles que se seguen sumando incoherencias e descualificacións cara a el rematarán

onde xa tiñan que estar de non ser polo apoio de DO, que tería estado moito mellor nun pacto con eles, onde podería defender o que o Sr. Caride realmente pensa e non estas incoherencias.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

12º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR, DEMOCRACIA OURENSANA E CIUDADANOS PARA DEFENSA DOS SERVIZOS DO HOSPITAL DE VERÍN E A REPROBACIÓN DO PORTAVOZ DO GRUPO SOCIALISTA.

O Sr. presidente anuncia que presentou unha emenda de engádegas o BNG en primeiro lugar, e en segundo lugar presentou unha emenda de substitución o Grupo Socialista, e cédelle a palabra aos portavoces do Grupo Popular, de DO e de C's para a exposición da moción.

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, di que quere facer unhas aclaracións previas antes de pasar a argumentar a posición do Grupo Popular, así como de Democracia Ourensana e de Ciudadanos a favor do paridoiro do hospital de Verín, por certo, a favor dende o minuto un no que houbo noticia do seu peche, que foi o 22 de novembro, cando o soubemos. Di que na acta da sesión anterior, de 29 de novembro, aprobada hoxe por unanimidade, se recolle unha intervención súa diante dunha emenda presentada por don Aurentino Alonso no preciso momento no que empezabamos a debater unha moción sobre a sanidade de Valdeorras, e da lectura ás súas palabras de rexeitamento desa emenda – relativa ao paridoiro de Verín – porque o Grupo Socialista tivo tempo a presentar esa emenda dende que se soubo o do peche, pero ese era outro debate distinto ao da moción, un debate sanitario e importante, e polo tanto o rexeitamento foi á emenda polo feito de presentarse dese xeito, oralmente e a última hora, sendo falso que os deputados do Partido Popular votaran en contra do paridoiro de Verín, sendo en cambio partidarios de que se tratase este asunto de xeito independente, e non mediante unha auto – emenda, cousa que nunca se viu nesta Deputación. E o sorprende foi que despois dese pleno, onde non se tratou nada do hospital de Verín, o Sr. Rodríguez Villarino, na súa conta de Facebook, afirmou que o ínfimo nivel político de PP, DO e C's fixo que votasen en contra da proposta de mantemento en servizo do paridoiro d hospital de Verín. Pero nin o PP, ni DO nin C's votaron en contra de

ningunha proposta, nin se debateu ningunha proposta, polo que a afirmación do Sr. Rodríguez Villarino en Facebook non é certa. Polo tanto, a primeira moción sobre o paridoiro do hospital de Verín é a que traen hoxe PP, DO e C's no pleno de hoxe. Di que a Deputación ten como función principal dar axuda aos concellos mediante plans, programas e convenios cos que dar resposta ás necesidades dos municipios e aos seus veciños, e conseguir que os veciños da provincia, tamén os da comarca de Monterrei, teñan os mesmos servizos, na medida do posible, independentemente do seu lugar de residencia; e con independencia de criterios e opinións profesionais ou técnicas de médicos ou sociedades científicas, o PP di claro que prescindir do paridoiro do hospital de Verín non contribúe a garantir esa igualdade da que está a falar. Por tanto, a Deputación e o seu presidente estivo a carón dos veciños dende o minuto un. Agora ben, tratándose dunha materia tan sensible como a do servizo sanitario, onde todos somos en calquera momento demandantes dun servizo de asistencia sanitaria segura e con calidade, non pode ser manipulada de forma malévola como fixo o Sr. Rodríguez Villarino, unicamente para conseguir réditos políticos, e o Sr. Rodríguez Villarino fixo esa manipulación poñendo as fotos dos deputados do PP nese facebook, no que el mesmo escribiulle que era un mentireiro compulsivo, ao que o Sr. Rodríguez Villarino non respondeu. Dille que incorreu en falsidade e manipulación ao acusar a tres grupos de votar en contra dunha proposta que nin sequera se tratou, e ao ocultar que a deputada de C's presentara na Xunta de Portavoces unha declaración institucional sobre o hospital de Verín que o Sr. Rodríguez Villarino rexeito para arrogarse despois a iniciativa no pleno, pretendendo unha rendibilidade política, o que foi rexeitado polo PP, defendendo que un asunto tan importante merecía un acordo adoptado nun debate específico. Explica que a moción de PP, DO e C's propón os seguintes acordos: 1º, pedirlle á Consellería de Sanidade que dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza no oriente ourensán, nomeadamente do servizo de paridoiro; 2º, reprobar ao portavoz do Grupo Provincial Socialista, don Rafael Rodríguez Villarino, pola súa desprezable práctica política de manipulación, mentira e insulto que ven de facer como representante do PSdeG - PSOE na Corporación Provincial, e nomeadamente polo rexeitable rédito político que está a procurar cun tema de tanta sensibilidade social como o peche do paridoiro do Hospital Comarcal de Verín; e 3º, darlles traslado destes acordos á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, á dirección do Sergas, á Xerencia do CHUOU, aos profesionais médicos e sanitarios do Hospital de Comarcal de Verín e aos

colexios profesionais de médicos e enfermería de Ourense, así como aos concellos, partidos políticos con representación municipal e axentes sociais e económicos das zonas afectadas. Di que a proposta é clara e concisa para que non quede dúbida da súa posición.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que, respecto do primeiro punto, non existe ningunha xustificación, nin técnica nin de ningunha outra clase, que xustifique o peche do paridoiro, que ten que manterse, como o resto de servizos que se prestan nos hospitais comarcais. Dito isto, subscribe as palabras do Sr. Fernández Fernández. Con respecto ao segundo punto, di que é algo que lle resulta desagradable, pero se produce porque alguén quixo pilotar politicamente este asunto, e non tería sucedido se o portavoz socialista tivese aceptado a declaración institucional proposta no seu momento pola portavoz de C's na xunta de portavoces, que ía nun folio que non levaba o membrete de ningún partido. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que algunhas das cousas que publicou en facebook parécenlle impropias da lealdade institucional e do sentido democrático (dado que publicou textos de motivación da emenda que nin sequera se deron a coñecer, porque foi unha emenda in voce, e incluíu fotos e nomes e apelidos de deputados cos que se pode discrepar, pero que non por iso teñen rabo e cornos). Cre que o importante é que non se peche o paridoiro de Verín, e o resto – facer confrontación política dese xeito nas redes sociais – sobra, e por iso subscribiu esta moción e considera xustificada a reprobación do Sr. Rodríguez Villarino; e a partir de aí, o debate e a discrepancia son lícitos sempre que se manteñan dentro da lealdade institucional.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, di que o asunto do peche do paridoiro saltou despois de que se pechase o prazo de presentación de mocións ao pleno desta Deputación, o venres 22 de novembro, e o luns celebrouse a xunta de portavoces; doutra banda, o Grupo Socialista rexistrada unha moción que falaba da sanidade de Ourense en xeral e, en particular, no Barco de Valdeorras, e ante esa moción ela desprazouse ao Barco a falar co persoal do hospital para coñecer a súa problemática. Di que na xunta de portavoces, a ante o problema do paridoiro de Verín, ela elaborou un borrador de declaración institucional para ser aprobada por todos os grupos, porque cre que neste asunto non se debe facer política partidista; e a primeira persoa que lle deu o frenazo a esa declaración foi o voceiro socialista, que entendeu que coa moción do seu grupo xa abundaba; e o portavoz do PP, Sr. Álvarez Dobaño, manifestou que o seu grupo estaba pendente de recibir informes técnicos sobre o asunto, pero que a súa postura era a de

opoñerse ao peche (e de feito o presidente permitiu a lectura dese borrador na quenda de rogos e preguntas do pleno de novembro). A sorpresa foi que ao chegar ao pleno o Grupo Socialista presentou unha emenda verbal á súa propia moción para incluír as palabras “paridoiro” e “Verín”, o que ao seu xuízo constitúe un acto de utilización política dun problema social, porque previamente, catro días antes, el formulara unha declaración institucional sobre este asunto e se dixo que non. Engade que ese mesmo venres, nas redes sociais, o PSOE publicou que o PP, DO e C’s votaran en contra dunha moción en defensa do paridoiro por intereses partidistas, cando a realidade é que ela incluso votou a favor da moción do PSOE sobre a sanidade de Valdeorras; o que si fixo foi votar en contra de facer política noxenta dun problema tan grave como é o do paridoiro de Verín; e ao día seguinte acudiu á manifestación en Verín como unha veciña máis, sen convocar aos medios de comunicación, porque ante todo ela é unha muller que deu a luz, e mesmo as mulleres de Xinzo terían que ir a parir a Verín en lugar de facelo en Ourense, e así habería máis partos. Pide aos traballadores do hospital de Verín presentes na sesión que teñan en conta esta información, e denuncia o dano persoal causado polo Sr. Rodríguez Villarino ao difundir a súa foto nas redes sociais, fotos que logo foron reenviadas por wassap, cando non é certo que ela votase en contra de manter o paridoiro aberto, sendo en cambio a primeira persoa da Corporación que se manifestou a favor do seu mantemento, e non como política, senón como muller.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que efectivamente a moción ten un punto 2º no que se reproba ao portavoz socialista, que, comenta ironicamente, seguramente mereza ser reprobado polos seus múltiples defectos, ao igual que el mesmo, pero non nesta moción, na que a inclusión deste punto lle parece unha burla máis que se introduce neste serio asunto. Lembra que na comisión informativa os voceiros de DO e C’s concordaron coa petición do BNG de que se votase separadamente este punto, pero o PP non quixo, porque o singular non é o peche do paridoiro, senón o comportamento, máis ou menos atinado, do Sr. Villarino. Pois ben, reprobado sexa, por nós non vai quedar, pero agora imos ao asunto, imos falar do que importa, que é o peche do paridoiro. En primeiro lugar, quere manifestar o seu recoñecemento a tódolos colectivos que loitan na comarca por unha sanidade pública e digna, por defende os dereitos de todos e todas diante dun Goberno do PP indecente. Di que dende o 22 de novembro se tomou a decisión unilateral de pechar o paridoiro, asistimos a un

espectáculo de manipulación por parte do Goberno, con versións contraditorias e mentiras sen máis, que hoxe van ser desmontadas, esixindo o punto final a esta situación con fin da política de desmantelamento deste hospital por parte da Xunta de Galicia, unha política que non é nova (problemas de persoal en cirurxía, traslado de dermatoloxía a Ourense...) e que semella procurar converter ese hospital nun centro de saúde grande. Di que é indecente como esta decisión tomouse de costas ao persoal, ao que nin sequera se consultou, e de feito mesmo o responsable de xinecoloxía nin sequera estaba no hospital, e as enfermeiras da quenda de noite tiveron que avisar ás da mañá da reunión que houbera, o que dá a idea de como traballa a Xerencia, con premeditación e alevosía, e explica por que tantos profesionais marchan de Ourense, porque non soportan unha política neoliberal de recortes e recentralización de servizos. E non só era algo programado e unilateral, é que o negaron no Parlamento, porque nove días antes do anuncio do peche, o 13 de novembro, o BNG preguntara no Parlamento ao conselleiro polas listas de espera de pediatría da provincia de Ourense, pediron os datos reais e seguen agardando, e advertiuse que isto ía pasar e que a axenda oculta do conselleiro era que nuns anos en Verín non se atenderían nin partos nin nenos, e o conselleiro negouno, e sacou unha nota de prensa vergoñenta dicindo que se estaban a tomar tomas as medidas posibles para que este servizo se mantivese en Verín e Valdeorras; e é certo que o BNG errou, porque non era nuns anos: era nove días despois. Di que aquí se se pode falar de hipócritas e mentireiros, e esta indecencia invalida ao Sr. Almuíña como responsable político da sanidade. Di que o peche do paridoiro é inaceptable, porque as nais e nenos desta parte do país teñen que ter os mesmos dereitos que as do resto de Galicia. E o peor é que nos toman por imbéciles, e infravaloraron a resposta social, 20.000 persoas saíron á rúa en Verín, porque en Ourense hai tempo que a xente perdeu o medo, e aí está un pobo que non se rende e o noso deber como deputados é apoialo. Subliña que isto non foi unha decisión técnica ou profesional, foi unha decisión política do PP; e tampouco é unha cuestión de seguridade e é unha vergoña que estean poñendo o discurso do medo, falseando e manipulando os datos (durante días falaban de 45 partos cando hai máis de 60, e coas derivacións innecesarias feitas a Ourense serían máis de 100 partos; e utilizan un informe desfasado de 2009 de modo parcial, obviando o que di sobre as distancias). Pero é que non son números, son persoas, porque un servizo público non pode obedecer a números, senón a dereitos. E se cuestiona de forma clasista aos profesionais que levan anos traendo nenos ao mundo en Verín, poñendo en dúbida a súa profesionalidade. Non é certo que se faga por razóns de seguridade e calidade

asistencial, e pregúntase en que cabeza cabe que sexa máis seguro para un neno doente non ter urxencias pediátricas e ter que vir a Ourense nunha viaxe de hora e media que ter ese servizo en Verín. Critica as declaracións do conselleiro sobre os partos, e que non manifestase en cambio preocupación polo feito de que en Ourense haxa un 25 % de cesaras, cando a OMS recomenda un 10 % / 15 %, ou o argumento de que haberá menos traslados, porque haberá menos en ambulancia, pero non menos traslados. Insiste en que non é unha decisión baseada en criterios técnicos de seguridade, senón en recortes e improvisación, e aproveitan para isto a verdadeira causa última do peche – a falla de pediatras – pero iso é a súa responsabilidade e para iso fan como que gobernan, e pregúntase como é posible que se fose inseguro parir en Verín se convocasen prazas de pediatría este verán e se volvan a convocar agora. Acusa de incompetencia ao Goberno autonómico, di que os veciños non van permitir que lles quiten dereitos e critica que logo se fale de defender o rural e de discriminación positiva, engadindo que o PP de Ourense é quen de presentar esta moción cando os seus parlamentarios en Santiago nin votando en segredo foron quen de votar a favor do mantemento do paridoiro (e algún deputado provincial estivo presente na sesión, nunha misión que dende logo non tivo éxito). Critica que o presidente da Xunta chegase a afirmar que se unha muller da a luz en Verín o fará baixo a súa responsabilidade. Anuncia o seu voto a favor, e retira a emenda de substitución do punto 2, proponendo *in voce* unha emenda de engádegas co obxectivo de reprobación aos auténticos responsables e incompetentes, os señores Feijóo e Almuíña. Verín non se pecha.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, di que, ante todo, Verín non se pecha, e nesta moción se contempla a súa reprobación, pero el non importa, e por iso vai votar a favor da moción, reprobación incluída, para que non se peche o paridoiro do hospital, e isto é o que o PP non entende. Dille ao Sr. Caride que se lle resulta desagradable reprobárlle, que non o faga, porque non ten nada que ver co asunto, e pode facer se quere unha moción aparte se quere para reprobárlle, pero non, o fai na mesma moción porque cren que o portavoz socialista ten tan baixa catadura moral como eles e que para evitar a súa reprobación vai votar en contra de Verín, e pregúntase como se lles ocorre algo así, e non entenden que non lle importa nada a súa reprobación. Di que neste pleno foi reprobado o presidente da FEGAMP e alcalde do Barco por pedir un reparto obxectivo de fondos para esta provincia, e foi reprobado tamén o entón voceiro socialista, Sr. Gómez Pérez, simplemente porque dicían que era un mentireiro, e agora o reprobán a el, dicindo que minte, cando os que

menten son eles, e negade que a el reprobarano por votar contra o peche do paridoiro do hospital de Verín, pero ao Sr. Presidente o reprobaron polos seus vicios. Comenta que o seu grupo solicitou a instalación dunha pantalla no salón de plenos e o Presidente denegouno argumentando que iso non está contemplado no Regulamento Orgánico, sinalando ao respecto que iso non implica que estea prohibido, e que ademais a Presidencia di que esa cuestión debería ser obxecto de consulta na Xunta de Portavoces, e se pregunta por que, cando iso non está previsto en ningunha parte, engadindo que o que sucede é que non nos gusta vernos as caras: e por iso sacou as súas caras en facebook, para que se soubese que votaran en contra dunha emenda que pedía que non se pechase o paridoiro de Verín, e por iso reaccionaron con tanta virulencia. Di que ao Sr. Fernández Fernández gústalle moito extractar o que pon as actas, pero o fai de forma parcial, e procede a dar lectura ao texto da acta da sesión anterior onde se fala do contido da emenda formulada oralmente polo Grupo Socialista ao inicio do debate do asunto, e como esa emenda foi sometida a votación e rexeitada. Concluída a lectura, o Sr. Rodríguez Villarino se levanta do seu escano e fai entrega ao público asistente de copias da parte da acta á que acaba de dar lectura. Continúa o Sr. Rodríguez Villarino coa súa exposición, lembrando que no debate da emenda no pleno de novembro o Sr. Fernández Fernández ve dicir que todo isto formaba parte das queixas continuadas do PSOE en materia de sanidade, e así o titulou o diario *La Región*, no que se di que o PP criticou a “ladaíña” do PSOE en materia sanitaria. Pero di que non é ningunha ladaíña, porque o PP dedícase permanentemente a desmantelar a sanidade pública en Ourense, e fai un relatorio de mocións do seu grupo a prol da sanidade pública que foron rexeitadas cos votos do PP (e tamén da Sra. Lama, que estaba no PP entón) en xuño de 2017 (en relación coa cirurxía pediátrica no CHUOU) agosto de 2017 (sobre a retirada do anteproxecto de lei de modificación da área sanitaria de Valdeorras) xaneiro de 2018 (pedindo a implantación do servizo de hemodinámica as 24 horas) xullo de 2018 (sobre a construción dun aparcadoiro público e libre na contorna do CHUOU) febreiro de 2019 (moción contra a discriminación de Ourense no servizo de hemodinámica) e setembro de 2019 (moción para o rescate do aparcadoiro da Deputación a carón do CHUOU, neste caso tamén votou en contra DO e a Sr. Lama, xa en C’s, abstívose) e así se chega á moción presentada en novembro, cunha emenda relativa ao hospital de Verín, a cuxo contido dá lectura. E o que sucedeu despois dese pleno foi que non lles gustou que se soubese a través das redes sociais que votaron en contra desa emenda e que se lles identificase dese xeito, de aí a virulencia da súa reacción. Con respecto á declaración

institucional elaborada pola Sra. Lama, dille que o que fixo foi un papeliño, onde non aparece nun so sitio a palabra Verín, e di que por elegancia nin sequera respondeu, pero non rexeitou tampouco esa declaración, da que le os seus parágrafos iniciais e da que di que iso non é unha declaración institucional, senón un traballo de ensino primario, e grazas. Di que despois da sesión de novembro elaboraron un comunicado baltarista (porque o redactou o Sr. Baltar, e o asinaron os tres grupos) no que se lle acusaba de falsidade e se afirmaba que a emenda non se tratou na sesión, e pregúntase como se pode dicir que non se tratou, cando o que sucedeu é que votaron en contra. Ironiza coa afirmación do Sr. Caride de que lle resulta desagradable reprobalo, e dille que a reprobación manifesta é a mesma saña que no seu día o Sr. Caride utilizou co Sr. Baltar cando o acusou en vía xudicial por aquel feo asunto no que DO o acusaba de intercambio de traballo por sexo, ata o punto de que o Sr. Fiscal lle chamou a atención ao Sr. Caride (o Sr. Caride, dende o seu escano, nega estes feitos). Continúa o Sr. Rodríguez Villarino negando que o PP e o Sr. Baltar estivesen dende o minuto un, como din, en contra do peche, e di que os que estiveron aí dende o principio foron os socialistas, cunhas declaración de Gonzalo Caballero xa o 22 de novembro, coa súa presenza no hospital onde estiveron con Regelio Viñán e cun comunicado do seu grupo onde se preguntaban onde estaba Baltar ante esta situación, engadindo que isto non pasaría cando presidía a Deputación o seu pai, comentando que no minuto un o Sr. Baltar votou en contra da súa emenda, e o día da manifestación estaba en Ourense nunha xornada de portas abertas no Pazo Provincial e logo nunha exposición de Blanco Amor, e engade que el mesmo tratou de recoller a súa sinatura en contra do peche nunha campaña de recollida de sinaturas das matronas de Verín, pero foi ao seu despacho e non estaba, e voltou e non volveu, e ao que si atopou foi ao deputado don Pablo Pérez, que se negou a asinar, pero si que asinou unha concelleira do PP de Riós que traballa aquí, porque ten máis dignidade que eles. Por tanto, o de que estiveron en contra dende o minuto un non é verdade, e tamén hai que lembrar que os nove deputados do PP no Parlamento de Galicia votaron en contra da proposición non de lei que formulou o BNG, mesmo votando en urna, o que demostra a cobardía do PP neste asunto. E ademais o PSOE levou ao Concello de Ourense unha moción urxente sobre este asunto, e o PP e DO votaron en contra. Exhibe as fotos e os nomes dos parlamentarios ourensáns do PP no Parlamento de Galicia. Anuncia o seu voto a favor da moción, na que se vai auto - reprobar con gusto, porque o fai por Verín, e formula ademais dúas emendas de adición, unha para pedir á Consellería que dote, manteña e mellore todos os servizos que se viñan prestando no Hospital

de Verín, e para que a Deputación ofrezca á Xunta os fondos necesarios pa manter o paridoiro se o Goberno galego non rectifica; e outra para pedir a reprobación do conselleiro e do presidente da Xunta, que son os responsables políticos desta decisión, cousa que el non é (formula ademais unha emenda de adición *in voce* para reprobar aos deputados de PP, DO e C's que votaron en contra da emenda no pleno anterior, así como aos deputados do PP que votaron en contra no Parlamento, e así reprobamos a todos os que non fan nada por esta provincia) e instar á Consellería de Sanidade o cese inmediato do xerente da estrutura organizativa de xestión integrada de Ourense, Verín Valdeorras, do xerente executivo do hospital de Verín e da subdirectora de Enfermería. Di que é lamentable que o seu único obxectivo para defenderse sexa atacalo a el, e pide que se defendan facendo algo por esta provincia, e pídelle ao Sr. Presidente que faga algo por apoiar a loita política polo servizo sanitario en Verín e deixe de atacar a quen revela as súas eivas e incompetencia, rematando coa afirmación de que o seu grupo só busca o rédito cidadán, e que o rédito político xa o darán as urnas.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións, producíndose as que se resumen a continuación:

Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, dille ao Sr. Rodríguez Villarino que non sabe o que di, porque ao marxe de que no anterior pleno presentaron unha auto – emenda, agora fala dunha emenda de adición cando no documento pon emenda de substitución, o que demostra que está nervioso e confuso, e engade que critican a reprobación cando no Grupo Socialista son expertos en decapitarse entre eles, e pregunta cantos portavoces tiveron no mandato anterior. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que falseo, mentiu e manipulou para obter réditos políticos ao dicir publicamente que os grupos de PP, DO e C's votaron contra unha proposta, pero non votaron contra unha proposta, porque non se debateu tal proposta, e a proba máis clara é que ese asunto non estaba na orde do día. Di que non se estraña esta actitude no Sr. Rodríguez Villarino, porque alguén que cre nos ovis é lóxico que diga pantasmadas, e cando o elixiron secretario provincial do PSOE dixo que había que desparasitar a Deputación, o que o convirte nun intruso sanitario, porque iso é algo que fan os veterinarios. Ratifícase en que é un manipulador, porque o titular de *La Región* falaba da ladaíña socialista sobre a sanidade, pero referida a unha moción sobre o hospital de Valdeorras, e iso é porque o seu grupo no mandato anterior trouxera varias mocións catastrofistas falando de recortes e peches na sanidade, e concretamente chegaron a

dicir que o hospital de Valdeorras í converterse nun ambulatorio, e levamos anos oíndo isto e nin ese hospital é un ambulatorio nin se privatiza a sanidade pública. Doutra banda, as declaracións institucionais na Deputación foron sempre por unanimidade ata que chegou o Sr. Rodríguez Villarino, e pregúntase por que será. Dirixíndose ao Sr. Varela, dille que hoxe é só un convidado, porque no pleno anterior non estivo porque andaba aos seus asuntos (o Sr. Varela protesta desde o escano dicindo que estaba nunha reunión da FEGAMP á que fóra convocado, e o Sr. Fernández dille que todos estabamos convocados a esa reunión pero os demais viñemos ao pleno) e dille que está e acordo con el en que hai que falar do esencial, que é o peche do paridoiro, pero os primeiros en presentar unha moción ao respecto foron os grupos do PP, DO e C's, mentres outros só se preocuparon de obter réditos políticos. Di que por desgraza o punto 2º da moción está vinculado co asunto central, que é o peche do paridoiro, que foi unha decisión política do Goberno autonómico, non do provincial, que por nós seguiría aberto. Pero insiste tamén en que aparte dos políticos autonómicos do PP, o peche foi apoiado polo presidente do Colexio Médico e o xefe do servizo de xinecoloxía, que non son sospeitosos de ser do PP. Pregúntase por que non trouxeron en tempo e forma unha moción sobre este tema ou por que non recolleron sinaturas, e en cambio só se quixeron auto – emendar. Por iso se reproba ao portavoz do PSOE, non ao PSOE, que quede claro. En calquera caso, o Grupo Popular, encabezado polo Sr. Presidente, dende o momento un solicitou da Xunta o mantemento do paridoiro de Verín, e da lectura a unhas declaracións públicas do presidente nese senso. Pídelles ademais coherencia, e lembra que o PSOE, co BNG, gobernou a sanidade en Galicia entre 2005 e 2009, e retiraron o médico en Cartelle e Vilardevós, e retiraron a unidade de pediatría do hospital de Verín no 2006. Di que o Sr. Rodríguez Villarino é un mentireiro patolóxico, que falsea continuamente a realidade o que o leva a un labirinto de mentiras. Di que temos que dar prioridade á prestación de servizos sanitarios de proximidade, como o de Verín, e garantindo a seguridade e a máis alta calidade posible, e impulsando os novos servizos do hospital, e instar ao Goberno da Nación para que as prazas se poidan convocar, e a consellería fixo unha oferta pública no verán e outra estes días, e el mesmo dixo no seu día que se alguén sabía dun pediatra para contratar que o dixera. Quere recoñecer a actitude dos alcaldes e alcaldesas do PP nas comarcas de Verín e Conso – Frieiras, porque estiveron na manifestación, fixeron declaracións institucionais a favor do paridoiro, e da lectura a esa declaración institucional, formulada o 1 de decembro. Exhibe ademais recortes de prensa nos que se amosa a posición da Deputación e do seu presidente a

favor do paridoiro, cunhas declaracións do presidente da Deputación nas que se di que o presidente da Xunta debe rectificar e que a política e algo máis que criterios técnicos. Reitera os argumentos anteriores en canto á acusación de falsidade e manipulación ao Sr. Rodríguez Villarino para obter réditos políticos nun tema tan sensible.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, reitera a súa posición a favor da apertura do paridoiro, xa expresada na primeira intervención, e fai algunhas reflexións dirixidas ao portavoz socialista, dicíndolle que cre que a súa maneira de enfocar este debate se explica pola súa necesidade de reafirmar o seu liderado no PSOE provincial, e que con este asunto atopou un filón, sendo tremenda a politización que leva feito deste tema, e criticando o seu desprezo polo documento elaborado pola Sra. Lama, que chegou a cualificar de exercicio de redacción escolar, nunha actitude de desprezo cara ao traballo dunha compañeira de corporación. Acusa ao Sr. Rodríguez Villarino de arrogancia intelectual e moral e de desprezo polos demais, e o cualifica de antipolítico por contraste co Sr. Varela López, que si é un bo político e fixo unha crítica á Xunta estruturada e obxectiva, o contrario que o Sr. Rodríguez Villarino que sempre ven a demostrar que é máis listo e máis moral que os demais, e dille que peca do mesmo que critica. Dille que na primeira intervención dixo que lle resultaba desagradable reprobalo, pero que agora o fará con pracer porque o merece, pola súa actitude de chulería e o seu desprezo á Sra. Lama, cuxo borrador de declaración institucional leu só parcialmente, e que se se houbera aprobado, e non se aprobou pola oposición do Sr. Rodríguez Villarino na xunta de portavoces, non estaríamos agora tendo este debate.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía pide disculpas polo lamentable proceso que se está a vivir neste pleno, e di que non entende o rexeitamento do portavoz socialista ao seu borrador, que era iso, un borrador que podería ter sido modificado, pero que foi desprezado por el; e tampouco entende que se diga que votou en contra da moción do hospital de Valdeorras, cando votou a favor desa moción. Engade que ten razón o Sr. Caride en canto a que se se tivese aprobado esa declaración institucional que ela propuxo – aínda que se cambiara todo o texto, porque era un borrador – non teríamos agora este debate. Di que está totalmente de acordo coa intervención do Sr. Varela López, pero os responsables non son os deputados provinciais do PP, son os parlamentarios, e defende aos alcaldes do PP das comarcas de Verín e Conso – Frieiras, porque defenderon o paridoiro e acudiron á manifestación, e advirte que os únicos partidos

aos que viu convocar aos medios de comunicación nesa manifestación foi ao PSOE e ao BNG. Dirixíndose ao público, reitera a posición de C's en contra do peche e a favor das reivindicacións sociais, e propón unha mesa de diálogo para solucionar os problemas de Verín. Aclara por último que non vota a favor da reprobación do conselleiro e do presidente da Xunta porque se fai a través dunha emenda de substitución á súa propia moción, que quedaría sen efecto, pero de non ser así non tería ningún problema en votar a favor desa reprobación como resposta á lamentable xestión da Xunta de Galicia neste asunto.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que precisamente polo que acaba de dicir a deputada de C's reformulou *in voce* a súa emenda de substitución do punto 2º da moción como emenda de adición dun novo punto coa reprobación do conselleiro de sanidade e do presidente da Xunta. Con respecto á emenda do Grupo Socialista, anuncia a súa abstención, a causa do punto no que se propón que que a Deputación ofrezca financiamento á Xunta de Galicia para manter aberto paridoiro, porque isto non pode ser, dado que a Xunta ten a obriga legal e moral de financiar e prestar ese servizo, e os fondos da Deputación están para outras cousas. Dirixíndose ao Sr. Fernández Fernández, di que en efecto, veu aquí de espectador, e lamenta o espectáculo que estamos a dar como representantes públicos. Dille que sabe perfectamente que non era posible meter unha moción antes do pleno anterior, e unha vez que os tres grupos – PP, DO e C's – presentaron esta, pois podemos presentar dez mocións, pero o importante non é falar, o importante é actuar. Di que é certo que C's presentou unha proposta de declaración institucional en xunta de portavoces, que el apoiou nese momento, e os representantes do PP é certo que non a negaron de partida, pero dixeron que máis adiante, que si tiñan que consultar antes con alguén, que se si ou se non. Di que pensaba que neste pleno farían acto de contrición, aínda que fose daquela maneira, pero non, e o acusan a el de estar nos seus asuntos privados na data do pleno anterior, cando estaba nunha asemblea xeral da FEGAMP, falando entre outras cousas de asuntos que afectan a esta Deputación. Co que non está de acordo en que isto non sexa política, porque é pura política, como que non, se ante a presión social mesmo o señor Feijóo da tímidos pasiños para abrir a porta; deámoslle unha patada á porta, e reabramos o paridoiro de Verín.

Don Rafael Rodríguez Villarino, portavoz do Grupo Socialista, dille á Sra. Lama que non importa aquí nin el nin ela e a súa proposta de declaración institucional, que o único importante é darlle solución ao tema do paridoiro de Verín. Dille ao Sr. Varela que entende a

súa postura respecto da súa proposta de que a Deputación ofrezca financiamento, pero que esta proposta se formula para pedirlle ao presidente cando menos un compromiso económico, xa que non é capaz dun compromiso político, e pon como exemplo que no concello lucense de San Cibrao, cando lles quitaron o médico, pagouno o concello, e isto – do mesmo xeito que a oferta de concello de Verín de poñer vivenda aos pediatras – debe entenderse como un xesto político para poñer competencia onde non a houbo. Di que o que falemos aquí non importa, e o que importa é que a Xunta de Galicia cambie as súas políticas de desmantelamento da sanidade na provincia, das que o Sr. Presidente é cómplice, e engade que este desmantelamento afecta a máis asuntos, e lembra que el formulou unha proposta de declaración en defensa do campus de Ourense, para a que obtivo a conformidade de C's e do BNG pero aínda está agardando a resposta de PP e DO. Polo tanto, aquí non hai máis que falar. Di que o cambio de actitude do PP neste asunto, que se produce a principios de decembro, non no minuto un, xurde porque lle viron as orellas ao lobo, cando se decataron da resposta social, cando o asunto saltou nos medios de comunicación, e todo isto xurde porque un pobo alzouse, e cando un pobo se alza é imparable, e iso sábeno ben. Di que lle acusan de querer sacar réditos políticos neste asunto, cando é o PP o que tenta obter ese rédito, mediante un lavado de cara a través desta moción, pero non hai lavado de cara que valga, aquí o único que vale é o compromiso de que se isto non se arranxa os parlamentarios do PP de Ourense farán o que teñan que facer no Parlamento, e senón, e xa como última solución, que a Deputación de Ourense e o Concello de Verín saquen adiante o que a Xunta non foi capaz de facer, cun presidente, o Sr. Núñez Feijóo, que é de Ourense e que non semella ter moita sensibilidade cos partos, cando menos na sanidade pública, e de feito a súa muller foi parir á sanidade privada. Di que este é un tema político, non é un tema de planificación estratéxica nin é culpa dos pediatras, e convida a ler unha declaración ao respecto da Xunta de Persoal da Área Sanitaria de Verín e O Barco de 19 de decembro, onde queda bastante claro isto. Di que cando propuxeron que se ofrecese financiamento pola Deputación Provincial, o primeiro que se dixo é que era unha competencia impropia, pero non o debe ser en cambio terlle dado nos últimos catro anos máis dun millón de euros á Fundación San Rosendo, ou dar cinco millóns de euros para un campus de FP que non quixeron na zona franca de Vigo, ou 300.000 euros só este ano á TVG para facer unha serie, para esas cousas si hai cartos, claro, pero para a sanidade pública en Verín e noutros sitios non hai un can. Di que votará a favor do acordo, incluíndo a súa reprobación, e considera unha broma que o PP e DO lle falen de ética, cando

son dous partidos desesperados por manterse no poder e que están demacrando a provincia ata deixala nun pelexo, e agardaba que hoxe houbera algún tipo de rectificación, como dixo o Sr. Varela, pero non, o único que houbo foi unha reacción virulenta para atacalo a el, que non é importante, e é unha mágoa que non se vaia a probar algunha das emendas presentadas, pero teme que a altura de miras do goberno provincial non chega a tanto.

Don Rosendo Luis Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular, lamenta ter que dicir que o Sr. Rodríguez Villarino é un ser miserable, aparte de falso, mentireiro e manipulador, porque a muller do presidente da Xunta pode ir dar a luz onde lle pete, como calquera muller no uso da súa liberdade persoal, sen que ningún político lle teña que dicir onde ten que facelo. Dille ao Sr. Varela que lle chamou convidado, non espectador, aínda que non sexa moita a diferenza, pero o resto de deputados tamén estaban convocados á asemblea xeral da FEGAMP, e viñeron ao pleno pola mañá e se incorporaron pola tarde, cousa que non fixo o Sr. Varela e denota falla de responsabilidade pola súa parte. Dá lectura á declaración institucional contra o peche do paridoiro aprobada pola Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín, que cre que é moi clara. Dille ao Sr. Rodríguez Villarino que está confundido, que isto non é un problema económico, e a competencia é da Xunta, e pide que non o compare co do centro da FP, porque aí o servizo vaine financiar a Xunta, e a Diputación límitase a colaborar no investimento para a infraestrutura, igual que se fixo no seu día co campus de Ourense. Ratifícase en que a primeira moción oficial sobre este tema é esta que presentaron PP, DO e C's, e todo o demais é auto – emenda e aproveitar que o Sil é afluente do Miño para falar de Verín e sacar rendibilidade política.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que cando a política pasa de ser finalista a ser dirixista pasa o que pasou hoxe, un espectáculo pouco edificante. O fin é solucionar os problemas, evitar o peche do paridoiro, e todo o demais sobra, pero claro, se todo se dirixe a un xogo político para obter rendibilidade política, a política pasa a ser dirixista, e a política debe ser finalista e non dirixista.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, agradece a asistencia do público a esta sesión, e di que o Sr. Rodríguez Villarino non explicou aínda por que non aceptou o seu borrador de declaración institucional, porque de ter sido aceptado non estaríamos hoxe debatendo isto e teríamos un acordo da Deputación ao respecto hai xa un mes. Pide aos compañeiros do Grupo Socialista que teñan un pouco máis de consideración e respecto aos demais, por sentido institucional, e dille ao Sr.

Rodríguez Villarino que quedou claro no debate que ten moita voz pero pouca palabra, e que no reino animal el sería un voitre, porque non se pode utilizar a actividade política para descualificar o traballo dun compañeiro, e en canto a que o nivel do borrador que redactou era propio de primaria, dille que el nin sequera a entendeu. Di que a lealdade institucional debe estar por riba de calquera cor política. Di que ela non é virulenta, pero si unha muller valente que non lle ten medo e que non vai tolerar que a desprezen ou humillen. Anuncia que votará a favor da emenda de adición do BNG para reprobar ao conselleiro e o presidente da Xunta pola súa mala xestión neste asunto; e dende logo, o paridoiro de Verín non se pecha.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de adición presentada polo BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2).

A continuación somete a votación e emenda de substitución do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), o voto en contra do Grupo Popular (12), de Democracia Ourenzana (2) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e a abstención do BNG (1).

Por último sométese a votación a moción do Grupos Popular, de DO e C's, e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Pedirlle á Consellería de Sanidade que dote, manteña e mellore os servizos que se viñan prestando no Hospital Comarcal de Verín para garantir a calidade asistencial da veciñanza no oriente ourensán, nomeadamente do servizo de paritorio.

2º.- Reprobar ao portavoz do Grupo Provincial Socialista, don Rafael Rodríguez Villarino, pola súa desprezable práctica política de manipulación, mentira e insulto que ven de facer como representante do PSdeG-PSOE na Corporación Provincial, e nomeadamente polo rexeitable rédito político que está a procurar cun tema de tanta sensibilidade social como o peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín.

3º.- Darlles traslado destes acordos á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade, á dirección do Sergas, á Xerencia do CHUOU, aos profesionais médicos e sanitarios do Hospital de Comarcal de Verín e aos colexios profesionais de médicos e

enfermería de Ourense, así como aos concellos, partidos políticos con representación municipal e axentes sociais e económicos das zonas afectadas.

13º.- MOCIÓN DO BNG POLO DEREITO A NACER, TRABALLAR E MORRER NA PROVINCIA DE OURENSE DIGNAMENTE.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao portavoz do Grupo do BNG para que expoña o contido da moción.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, di que estes días escribía un contador de historias no diario provincial por excelencia que o problema que está detrás do asunto do paridoiro de Verín é a metástase dese cancro que é a despoboación da provincia, e os datos indican que estamos nun estado comatoso e que a provincia vai camiño de non ser, e os datos amosan que nos últimos 39 anos perdeu 130.000 habitantes, máis do 30 % da súa actual poboación, cunha redución anual, no período 2012 – 2019, de 3.500 cidadáns ao ano, con 32 dos 92 concellos nos últimos postos do ranking galego no ratio entre cotizantes e xubilados, cunha forte caída no número de nacementos nos últimos tres anos, co que a este ritmo baixaremos dos 800 nacemento ao ano en cinco anos, e se cumprirá a profecía do xerente da área sanitaria en canto a que as mulleres de Ourense terán que ir dar a luz a Vigo. O PP e quen o apoia deben ter en conta a onde non levan as súas políticas, e como fracasaron os seus observatorios e plans ao non conseguir que as empresas aposten por Ourense, nin en termalismo nin en ningunha outra actividade, o que se reflicte en 35.000 mozos menos nos últimos dez anos ou no diferencial de dez puntos na taxa de actividade respecto da media estatal. Di que a solución contra a despoboación non require de análises sesudas: a xente quere traballo e servizos, e as políticas de centralización económica no Estado provocan ese éxodo rural, que nin sequera da lugar ao crecemento das urbes do noso país, ao que non axuda unha Deputación máis preocupada por manter a súa estrutura clientelar que por resolver os problemas e fixar poboación do territorio. Critica o reparto de fondos no sistema de financiamento local, dado que os concellos de máis de 500.000 habitante concentran un enorme volume de recursos, e se discrimina aos municipios turísticos de menos de 20.000 habitantes fronte aos que teñen unha poboación maior. Di que xa basta de discriminación no reparto de fondos, e isto vale tamén para a Deputación de Ourense, e é hora de apostar por investimentos produtivos que poñan en valor as potencialidades que posúe a provincia, e tamén de que se melloren os servizos públicos que estamos a sufrir, o que podería ser un revulsivo para este territorio e a súa minguante poboación. Polo exposto, solicita o voto favor

da moción, a cuxa proposta de acordo dá lectura. Crítica ademais a emenda de substitución formulada, porque cre que non ten sentido nin é moi democrático que se presenten emendas cuxo único obxecto é deturpar a moción orixinal, coa que se pode estar a favor ou en contra e mesmo formularlle emendas, pero non ata o punto de desvirtualala, algo que non pasa máis que na Deputación de Ourense.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións, que se resumen a seguir:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que non comprende que o Grupo Popular e o Grupo Socialista formulasen onte, despois das comisións, sendas emendas de substitución a esta moción, co que o resultado práctico é que o se vai aprobar en realidade é unha moción do PP, que só presentou unha e deste xeito terá aprobadas tres, e di que na vindeira xunta de portavoces propondrá que se modifique isto, porque en efecto non lle parece democrático. Anuncia o seu voto favorable á moción, e con respecto ás emendas de substitución, pide que se reformulen como emendas de adición para poder apoialas.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que con esta moción dáse un problema consistente en formular moción tan xenéricas e abstractas que resulta imposible estar en desacordo con elas, pero que ao mesmo tempo son bastante inútiles. Di que isto é como nun chiste do Farruco, no que se producira un roubo nunha igrexa e un rapaz dixera á Garda Civil quen fóra o autor do roubo: os ladróns, e obviamente tiña razón pero non resolvía o problema; e o mesmo pasou cunha anécdota da Guerra dos Seis Días, na que alguén dixo que sabía como resolver o conflito entre israelís e palestinos: bastaba con que ambos se comportasen como bos cristiáns; ou como se dixésemos que para gañar un partido de fútbol hai que meter máis goles que o equipo contrario. Di que a moción parte de datos obxectivos e certos, malia que algúns poidan ser interpretables, e nela se di que a solución é clara: máis traballo, e máis servizos (o mesmo que dicir que hai que meter máis goles que o equipo contrario) e loxicamente ninguén pode discrepar ao respecto. Di que os cidadáns non nos pagan para decidir que a xente teña traballo e máis e mellores servizos, porque iso xa se da por suposto, senón que a cuestión é definir como se consegue iso, e aí é onde xorden as discrepancias, e esta clase de moción fallan precisamente niso, en que non din como se van acadar eses obxectivos. Cre que hai que desenmascarar este tipo de mocións, que ademais recorren á chantaxe emocional, e isto é algo que DO fixo sempre, xa no anterior mandato, con estas mocións. Di que hai que mollarse nestas mocións, proponendo unha

maneira concreta de resolver os problemas aos que tratan de facer fronte, e neste senso, e emenda do PP polo menos móllase, porque cando menos propón unhas medidas ou xeitos concretos de acadar as finalidades buscadas, con independencia de que esas medidas poidan ser máis ou menos acertadas, ou que algunhas semellen máis axeitadas que outras, tendo en conta sempre a incerteza que se da nesta materia que leva sempre a ter que facer un xuízo de probabilidade ao respecto. Anuncia o voto en contra da moción e a favor da emenda do Grupo Popular, polos motivos expostos.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, di que non entende que pinta un chiste do Farruco respecto dunha moción que fala de asuntos tan serios. Céntrase no contido da moción, e di que con respecto ao punto 1º, no que se propón instar á Xunta ao reforzamento dos servizos públicos na provincia, o seu grupo defendeu dende o minuto un uns servizos públicos de calidade nos que non se pode dar un paso atrás, e neste punto cren tamén que habería que demandar á Xunta, como titular das políticas activas de emprego para as que recibe cuantiosos fondos do Estado e de Europa, para que realice accións de formación acordas coa demanda do tecido económico da provincia, e que non pase como co programa EmprendOu, onde a Deputación reconece que a iniciativa estatal é máis acaída que a da Xunta nesta materia, malia ter esta última as competencias transferidas. Con respecto ao punto 2º, onde se propón que a Deputación Provincial esixa unha distribución xusta e equitativa do financiamento das entidades locais da provincia, están a favor da mellora do sistema e di que o novo Goberno xa anunciou a súa vontade de introducir criterios correctores na distribución de fondos; e xa entrando no punto de elaborar un plan de desenvolvemento provincial, están igualmente a favor pero cren que debe orientarse á creación de emprego, impulsando, por exemplo, o noso sector agro - alimentario partindo de estudos cos que xa se conta, fomentando o consumo dos produtos quilómetro cero, fomentando o turismo e as enerxías renovables. Di que hai que rachar o círculo vicioso do despoboamento que xera cada vez menos oportunidades, polo que hai que reverter esa situación, e por iso o seu grupo se toma moi en serio esta moción. Non vai falar da emenda do PP, porque se nos fixamos nos verbos polos que comeza cada parágrafo, figuran “fortalecer”, “continuar”, “seguir facendo”, “consolidar”..., é dicir, todo o que se leva facendo ata agora, pero non se aposta polo cambio, e así non se pode cambiar o rumbo da provincia, polo que lles pide que, por responsabilidade, apoiem a moción do BNG.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, cre que neste caso a emenda de substitución se xustifica polo carácter xenérico da moción do BNG, e por iso considerouse que era posible, a través desta emenda, concretar algunhas accións coa finalidade do desenvolvemento da provincia. Di que o reto demográfico é enormemente complexo pola multiplicidade de factores que inciden nesta problemática, e que consultou para o efecto as directrices da estratexia nacional na materia, documento extenso pero no que cre hai un diagnóstico magnífico da situación que nos afecta e o desafío ao que nos enfrontamos. Lembra que baixo a presidencia de Mariano Rajoy levouse a cabo a VI Conferencia de Presidentes, o 17 de xaneiro de 2017, na que se acordou entre outras cuestións elaborar unha estratexia nacional de forma global e transversal, que dera unha resposta de futuro a esta problemática, e posteriormente acordouse a creación dun comisionado para o reto demográfico, que elaborase e deseñase esa estratexia. Di que todo isto está agora parado, porque o Goberno de Pedro Sánchez non nomeou un novo comisionado dende hai nove meses. Da algunhas cifras da evolución demográfica dos concellos rurais españois nos últimos anos, que demostran que este non é un problema de Galicia nin de Ourense, senón do conxunto do Estado, o que non quere dicir que se lle quite importancia, e de feito a Deputación de Ourense é a primeira en contar cunha área específica nesta materia, e xa se está traballando neste asunto, que non precisa de mocións xenéricas como esta. Pídelle ao Sr. Varela que se finalmente se chega a conformar o novo Goberno da Nación apoiado polo BNG, que les pida que reactiven esta cuestión nomeando o comisionado para o reto demográfico, e de non ser así, todo o que se propón non deixa de ser un brindado ao sol e pura demagogia, porque o reto demográfico non é un problema local nin que se limite só ao territorio español, senón que son moitos os países que tiveron que afrontar este problemas, nalgúns casos con medidas de éxito, das que algunhas se recollen na emenda de substitución; e desas medidas, das máis de vinte que recollen as directrices da estratexia nacional, hai ás que cre que hai prestar especial atención: dinamizar a creación de oportunidades locais, potenciar o talento asociado á contorna e garantir o acceso aos servizos e infraestruturas; e dende a Deputación estase a realizar unha labor neste senso con programas como o turismo termal ou o plan EmprendOu, no que neste intre hai máis de cincuenta proxectos de emprendemento (e alédase de que o Sr. Fernández Nogueira lle dese a importancia que ten) o proxecto raia termal, o proxecto provincia intelixente, etc... Di que o programa EmprendOu é un exemplo de acción de potenciamento dos mozos emprendedores. No que atinxe á garantía

de acceso ás infraestruturas e servizos, advirte que o que vai dicir agora non se refire ao Sr. Varela López, que é coñecido por ser un político traballador ao servizo dos cidadáns, e de feito en Allariz chámano “o Dispositivo Varela”, porque saben que é o primeiro que está disposto a coller unha vasoira para limpar unha cuneta se é necesario, e sabe que onte non durmiu porque estivo toda a noite traballando co servizo de emerxencias do concello, e como veciña de Allariz pode dar fe disto) e esta segura que se do Sr. Varela dependese non habería lugar ás críticas que vai formular agora. Di que cando se quere achegar empresas ao rural, hai que garantir servizos e infraestruturas, e o exemplo non é o Concello de Allariz, que o BNG leva anos gobernando e non que hai pobos sen saneamento, a pavimentación está destrozada, e das estradas e da fibra óptica mellor non imos falar, porque se saímos do casco urbano é inexistente, porque unha cousa é visitar Allariz de día, que é moi bonito, e outra cousa é vivir en Allariz e nos pobos, ou visítalo de noite cando nin sequera temos un alumado adaptado aos novos tempos e que cumpra coa eficiencia enerxética que tanto lles gusta vender, porque a eficacia a conseguen apagando farolas, porque non temos nin para pagar a luz, e isto é parte do problema, e de feito nunha vila como Allariz, pegada á cidade, conectada pola A – 52 e a unha hora do porto de Vigo, seguemos a ter un parque empresarial, o de Chorente, con 30.000 m2 baleiros, e levan máis de dez anos baleiros, e pídelle que reflexione por que suceden estas cousas nun concello como ese, e entón tal vez nos poida dar algunha idea de como reverter esta situación. Fala tamén de que para reverter o despoboamento é primordial desestacionalizar o turismo de inverno, e o potencial termal de Ourense é único para isto, pero para que o éxito sexa total é necesario que tódolos partidos rememos na mesma dirección e que se cumpran os prazos da chegada do AVE, porque iso é decisivo para o desenvolvemento da provincia para que podamos converternos nunha potencia termal. Por último, dá lectura ás propostas de acordo contidas na emenda de substitución presentada polo PP e DO.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, agradece ao PSOE e a C’s o seu apoio á moción, así como, a título persoal, as palabras de aprecio da Sra. Doporto Real. Di que, con todas as súas carencias, Allariz é un dos poucos concellos da provincia que medra en poboación, e espera que a Deputación apoie os seus proxectos nese senso, cousa que ata a data non fixo; e en canto ao arranxo de estradas, onde temos precisamente onde temos o campamento de Nadal este ano hai en fronte unha estrada da Deputación na que hai algún burato que xa empeza a ser case para poñer barquiños. Engade que cando o outro día lle deron os datos do Plan ChegOu aledoulle ver que Allariz estaba dos primeiros concellos en

peticións de subvencións por nacemento de nenos, só por detrás de Ourense capital, Barbadás e O Barco (e no Barco en concreto, por dous nenos menos) e por enriba de Carballiño, Verín ou Xinzo, co que algunha cousa se estará a facer ben no eido do reto demográfico, porque se non, non se entenderían este datos. Con respecto á posición de DO, di que chama a atención que teñan que recorrer aos chistes para explicala, e resulta complexo entender que se diga dunha banda que é imposible non estar de acordo coa moción e que en cambio vaian votar en contra. Con respecto á emenda de substitución que DO apoia – aínda que por momentos non quedaba claro se o seu voceiro estaba a favor de todo – chámalle a atención varios puntos, pero sobre todo o punto 3º, no que se fala de “seguir facendo da planificación, da transparencia e da xestión económica rigorosa os alicerces do goberno provincial e do Plan de mandato “Ourense 7273”, un documento do que derivan actuacións como o Plan de axudas á natalidade, o plan de empregabilidade ou o plan de axudas á mocidade”, e é rechamante que se fale de transparencia e xestión rigorosa cando un recente informe de Secretaría dixo o que dixo, e non sabe se facía falla lembrar o que opinaba ata hai pouco o líder de DO do plan 7273. Entende que DO estea co – gobernando co PP, pero iso é unha cousa e outra que teñan que asumir o seu programa ao 100 %, incluíndo cousas que son sapos difíciles de tragar. Doutra banda, criticouse a súa moción por ser xenérica ou pouco concreta, e con ese mesmo argumento tamén se podería criticar a moción de PP, DO e C’s no punto anterior, porque tampouco alí se dicía o como había que facer concretamente para manter aberto o paridoiro do hospital de Verín; e en todo caso cre que na súa moción hai cousas bastante concretas, como a esixencia ao Goberno de España dun financiamento xusto e equitativo para as nosas entidades locais, tan concreto como que a día de hoxe os nosos concellos reciben por habitante 50 euros menos que a media do que reciben o resto de concellos do Estado español, o que, por exemplo, no caso do concello de Allariz suporía uns 300.000 euros máis ao ano, que sen dúbida axudarían a solucionar esas carencias das que se falou, aínda que non a da fibra óptica, porque iso non é competencia municipal e corresponde a outras instancias, e non lle consta que en ningún sitio se puxera fibra óptica por parte dos concellos ou das deputacións. Defende o derradeiro punto da súa moción, no que se fala de elaborar, mesmo con recursos técnicos propios, un verdadeiro plan de desenvolvemento provincial, e isto non o di por dicir, é que os datos son teimudos e a nosa perda de poboación é de récord, e cre que isto merece unha reflexión, porque isto non é produto dunha maldición bíblica, e demóstrase no caso do concello de Allariz, que de 1950 a 1989 reduciu a súa poboación de 10.000 habitantes a

5.015, e hoxe estamos en 6.300 e medrando, e seguemos a estar no mesmo sitio e na mesma provincia, e polo tanto si é posible facer políticas que muden esa tendencia natural, porque hai outros concellos que están situados tan ben ou mellor que Allariz e non obstante cáense, e polo tanto si merece a pena elaborar entre todos un plan que permita tomar medidas para reverter unha situación que por desgraza nos leva cara a ningures.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que na súa intervención non se refería tanto a que non se poidan facer emendas de substitución, senón a que as emendas se fagan en tempo e forma, e que se estuden dun xeito construtivo, e se por exemplo na comisión se considera que a moción do BNG é mellorable, que se aborde unha moción conxunta do PP co BNG co obxectivo de acadar o mellor acordo para a provincia; pero a realidade é que esta emenda de substitución chegou onte, e pide que se estude polos grupos e mesmo polo secretario a posibilidade de aclarar ata que momento se poden presentar emendas de substitución, porque hoxe o PP presentou unha moción e vai aprobar tres, o que non lle parece xusto. Mantén o seu apoio á moción do BNG, porque cre que é unha boa proposta ante a problemática do despoboamento do rural, e comenta o punto 6º da emenda, no que se fala do Observatorio do Medio Rural, que non é necesario para saber o que está a pasar, porque iso é evidente, o que está a pasar é que non hai prazas xerárquicas para os nosos maiores, non hai traballo no rural e as axudas á natalidade de 300 euros por neno son ridículas; pero si é importante este Observatorio porque pode ser o vehículo para chegar a todo o mundo para atraer habitantes, e cre que por exemplo se podería facer creando vivendas colaborativas no medio rural, onde hai moitas vivendas baleiras, e nese senso ela formulou unha proposta que foi aprobada no debate do estado da provincia co apoio de PP e DO e que podería ser unha maneira de facer da necesidade virtude e sacar partido do propio despoboamento, atraendo poboación dese xeito. Di que lle gustaría que no seguinte pleno non se presentasen emendas de substitución no último momento.

Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, dille ao Sr. Fernández Nogueira que non todos os puntos da emenda empezaban coa verba “continuar” ou con expresións semellantes, e pon como exemplo o punto que alude a aproveitar os fondos europeos acadados ou de urxir ao Goberno a rematar o AVE, e son cousas que dentro do grao de abstracción que aínda teñen, teñen tamén un maior grao de concreción que a moción do BNG. Dirixíndose ao Sr. Varela, dille que non é que sexa malo que a moción sexa abstracta, pero o único que di é que o que recolle a moción son cousas tan

obvias que non se pode estar en desacordo pero que tampouco teñen utilidade. Di que canto máis xenérica é unha proposta, é máis doado acadar un consenso, e canto máis concreta, é maior o grao de discrepancia, e por iso é moi sinxelo traer dende a oposición unha moción na que hai tres puntos cos que é case imposible non estar de acordo. Con respecto aos chistes que fixo na súa anterior intervención, di que dicía Jardiel Poncela que o humor é unha planta lixeira con raíces profundas, e se fixo un chiste, a parte de para rebaixar a tensión do debate, foi para transmitir unha mensaxe, porque se alguén di que quen roubou foi un ladrón está dicindo a verdade e ao mesmo tempo non está a dicir nada, e iso é o que pasa con esta moción na súa opinión, e por iso a votará en contra, non porque non estea de acordo, senón como unha sorte de aviso para que non se traian este tipo de mocións inconcretas, e se hai unha emenda mellor, como a que formulan conxuntamente PP e DO, pois a van apoiar, e cre que é mellor porque contén medidas máis concretas, e por tanto máis discutibles, e tampouco se pode saber con absoluta certeza que sexan as máis axeitadas, porque o mundo social non é un mecanismo determinista de relojería como pensaba Newton que era o universo, e por iso hai distintos partidos políticos e distintas opinións, e xa se verá en dous ou tres anos se estas medidas son axeitadas ou non. Dille tamén ao Sr. Varela que pedir unha distribución xusta e equitativa dos fondos non é algo concreto, porque se o xusto e o equitativo fose doado de determinar non existirían avogados nin tribunais, e se existe é porque non é nada claro ás veces saber o que é xusto ou o que non, e por iso hai que concretar as medidas que se propoñen e comprometerse con elas, e por iso votarán a favor da emenda e en contra da moción.

Don Diego Fernández Nogueira, portavoz do Grupo Socialista, dille ao Sr. Ojea que anuncia o seu voto en contra aínda que está de acordo coa moción e so para avisar, e o certo é que este é o mellor chiste que contou hoxe. Di que o punto 2 da emenda si é continuista, porque fala de aproveitar fondos xa acadados para proxecto xa aprobados, polo tanto, unha vez máis, fala de cousas que xa están feitas. Dille á Sra. Doporto que falo do EmprendOU pero non dixo que levaba fondos estatais, e falou do AVE cando o PP o tivo parado, falou de que o PSOE non nomeou ao comisionado pero non dixo que se valora crear un Ministerio para o Despoboamento no novo Goberno. Di que o seu grupo tamén fixo propostas concretas, e que tamén se comprometeron a traballar conxuntamente en comisión ou e calquera outro foro para sacar adiante esta provincia, e di que xa hai tempo que iniciaron a elaboración dun plan que implicará a tódolos sectores interesados. E dende logo, non

entende que a moción, que entende presentada coa mellor intención, se poida explicar en dous chistes, e dende logo se se está de acordo non se pode votar en contra.

Dona Luz Doporto Real, portavoz do Grupo Popular, partindo do que dixo o Sr. Ojea, que canto máis concreta é unha proposta máis difícil é chegar a un acordo, cre que ás veces hai unha loita de egos entre os grupos ou unha falla de autoestima que nos leva a non aceptar de xeito construtivo o que outros propoñen. Di que se o PSOE ten un plan para sacar adiante a provincia estará encantada de coñecelo, pero de momento o único que ten un plan que presentaron ás eleccións é o PP, e foi referendado polos cidadáns, e os insta a ser valentes e presentar ese plan.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, dille á Sra. Doporto que o referendo dos cidadáns foi daquela maneira nas últimas eleccións, o que pasa é que despois pasou o que pasou. Dille ao Sr. Ojea que o punto 5º da emenda é potenciar o papel do INORDE, e a realidade é que a opinión que tiña do INORDE DO ata hai pouco non era esa, e o INORDE leva xa anos funcionando, aínda que semella que hai que darlle dous ou tres anos máis polo dito polo Sr. Ojea. Pide seriedade, porque se todos están de acordo coa súa moción, o seu é apoiala, e non presentar outra alternativa que non ten nada que ver co que el propón na súa, que o PP non propón mellorar, senón mudala por outra.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a emenda de substitución do Grupo Popular e de Democracia Ourensana, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12) e Democracia Ourensana (2), o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1) e a abstención de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación somete a votación a moción do BNG, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1), do Grupo Socialista (9) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo Grupo Popular e Democracia Ourensana á moción orixinal formulada polo Grupo do BNG, quedando aprobada a moción nos seguintes termos:

1º.- Fortalecer o traballo do goberno provincial de Ourense nas redes de poderes locais intermedios de Europa e ante as institucións comunitarias, nas políticas de reto demográfico, para facer efectivo o papel protagonista das provincias como receptoras directas de axudas e xestoras delas, tralo intenso e frutífero traballo con Partenalia, a CEPLI e o Comité das Rexións.

2º.- Aproveitar os fondos comunitarios conseguidos por esta provincia tralos proxectos aprobados para poñer en valor o noso territorio, mencionando algúns tan relevantes como o da provincia de Ourense, como destino turístico intelixente; o Plan “Emprendou” e mesmo o Raia Termal.

3º.- Seguir facendo da planificación, da transparencia e da xestión económica rigorosa os alicerces do goberno provincial e do Plan de mandato “Ourense 7273”, un documento do que derivan actuacións como o Plan de axudas á natalidade, o plan de empregabilidade ou o plan de axudas á mocidade.

4º.- Continuar coa estratexia de alianza coas organizacións empresariais de Ourense e de Galicia (Confederación Empresarial de Ourense, Círculo de Empresarios de Galicia, Asociación de Autónomos), acompañando a súa actividade, facendo especial fincapé na internacionalización, co claro obxectivo da creación de riqueza e de emprego.

5º.- Potenciar o papel do INORDE e o seu papel clave de apoio aos sectores produtivos da provincia: agroalimentario, extractivo, termal, tecnolóxico, e/ou turístico.

6º.- Consolidar a andaina iniciada coa Universidade de Vigo coa creación do Observatorio Internacional do Medio Rural, trala realización do Congreso Internacional do Medio Rural, nunha provincia que coñece o papel clave do talento no seu desenvolvemento, validando fórmulas de éxito como o cooperativismo e o asociacionismo.

7º.- Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a tomar decisións políticas de discriminación positiva con Ourense, seguindo o exemplo da posta en marcha na nosa provincia, a instancias da Deputación, do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional.

8º.- Urxir ao Goberno de España a rematar as obras da alta velocidade ferroviaria para que Ourense gañe en competitividade e conectividade.

9º.- Urxir ao Goberno de España a que conte cun responsable do Reto Demográfico, nove meses despois do cese da anterior comisionada, para implementar e coordinar políticas que afectas ao 80% do territorio nacional.

10º.- Continuar deseñando proxectos e actuacións que lle acheguen valor ao territorio e que sexan referente non só autonómico senón tamén nacional, como o “Provincia intelixente”, impulsado por estas Deputación xunto con ABANCA e multinacionais tecnolóxicas como Viewnext do Grupo IBM.

14º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONSERVATORIOS MUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda de substitución o Grupo Popular e Democracia Ourensana e cédella a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, súmase á crítica ás emendas de substitución, que deturpan o sentido da moción orixinal, pero ben, se a normativa así o permite, aí está. Di que a moción que presentan trata dun asunto que xa foi obxecto hai anos doutras mocións do seu grupo, para tratar de acadar un financiamento axeitado para os conservatorios municipais de música, que actualmente existen en Xinzo, Verín, Ribadavia, O Carballiño e O Barco, financiándose con fondos municipais e sendo unha carga gravosa dende o punto de vista puramente económico, pero é un servizo amplamente demandado e as administracións deben facer o esforzo de tentar mantelo. A primeira función da Deputación é a de prestar axuda aos concellos, e na actualidade hai varios concellos – os xa citados, nomeadamente – que están a prestar este servizo de ensino musical, servizo que foi promovido no seu día pola Deputación e pola propia Xunta; pero cando medraron estes servizos foron abandonados polas institucións provincial (que suprimiu co paso do tempo as subvencións para estes servizos) e autonómica, co que os concellos atopáronse cunha necesidade creada que non lles quedou máis remedio que continuar prestando en solitario e cos seus propios recursos, o que implica unha carga económica insoportable para os concellos. Lembra que o seu grupo xa presentou varias mocións sobre este problema, con distinta sorte, e así en 2010 se aprobara por unanimidade unha moción co compromiso da Deputación de subvencionar estes servizos, e en 2012 en cambio rexeitouse, aínda que comprometendo a prestación de axuda económica en exercicios posteriores. Di que a Consellería de Facenda, a través do fondo adicional, ingresou aos concellos galegos con conservatorio profesional unha cantidade en función do número de alumnos, en concreto en 2012 achegáronse 141 euros por alumno, cun total de 400.000 euros, e no 2019 foi de 225 euros por alumno, 700.000 euros en total, e para o 2020 se prevén 320 euros por alumno, 1

millón de euros. A realidade actual é que os concellos prestan un servizo de carácter comarcal, regulado ata o mínimo detalle pola Xunta, mentres os concellos se limitan a pagar o mantemento deste servizo. Ante a falla de resultados para resolver este problema, e tendo en conta que é unha competencia municipal impropia, o seu grupo propón, primeiro, buscar solucións ao financiamento mediante un acordo entre Xunta, concellos e Deputación para repartir a carga económica, e segundo, que a Deputación aprobe ao longo de 2020 unha partida para financiar os conservatorios profesionais municipais da provincia na mesma cantidade que achega a Xunta. Di que emenda de substitución que propón o PP e DO limítase a suprimir o punto 2 e recoller o mesmo que recolle o punto 1 da emenda do PSOE, polo que cre que o procedente sería que dixeran que non, porque o primeiro punto realmente non aporta nada.

A continuación, prodúcese as seguintes intervencións:

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que coñece esta problemática porque a padece o concello de Xinzo, e lembra que tamén é certo que nestes anos pasados a Deputación prestou axuda ao concello cando se lle pediu para poder manter o servizo. Dende outro punto de vista cre que a educación é competencia da Xunta, que debería ser por isto a que garante o financiamento ao 100 % destes centros, que ademais reciben alumnos de varios concellos. Doutra banda, non lle parece xusto limitar a achega que debe facerse á cantidade por alumno que actualmente achega a Xunta, dado que as necesidades dos concellos poden ser diferentes. Reitera a súa crítica ás emendas de substitución, pero lembra que o Grupo Socialista tamén utilizou ese mecanismo coa moción do hospital de Verín. Di que apoiará a moción se o PSOE modifica o punto 2º en canto a suprimir a limitación da contía, e sen prexuízo de considerar que o financiamento debería ser ao 100 % da Xunta de Galicia.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, cre tamén que este servizo debería ser financiado pola Xunta de Galicia, porque é a súa competencia, pero entende tamén que iso non vai suceder agora mesmo, e por iso vai apoiar a moción para que a Deputación coopere no financiamento. Reitera a crítica á emenda de substitución, e cre que as emendas deberían ser só de adición, porque senón se acaba desvirtuando a proposta do grupo propoñente.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que en efecto os concellos poden crear conservatorios de música e danza, pero

deben estar totalmente sometidos á normativa educativa que os regula, e que existe financiamento autonómico, e a propia Xunta nas ordes reguladoras das axudas faise eco da ampla demanda social destes servizos. Entende por isto que os conservatorios deberían quedar plenamente integrados na rede autonómica e que a Xunta asuma o seu financiamento, e así se ven demandando polos propios conservatorios e iso é o que teríamos que demandar. Dubida da efectividade práctica de que sexa a Deputación a que complemente as axudas da Xunta, e por iso apoia a emenda de substitución, porque se lle vamos solucionando o problema a Xunta ao mellor non o aborda como debería; a parte de que non sabe se cabería legalmente que a Deputación poida modificar os seus orzamentos nese senso.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, portavoz do Grupo Popular, di que esta é unha competencia autonómica, e por iso presentaron esta emenda de substitución, para que sexa a Xunta a que asuma o financiamento dos conservatorios e seguindo criterios técnicos e de calidade, sen prexuízo de que ademais habería que estudar a problemática de cada conservatorio. Di que ademais na provincia de Ourense, as escolas de música de entidades sen ánimo de lucro teñen unha partida de 165.000 euros, e no caso dos concellos onde hai escolas municipais hai un apoio a través do fondo de cooperación local. En todo caos, o procedente é que se demande ante a Xunta a solución deste problema e a reformulación do financiamento destes conservatorios.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que estamos todos de acordo en que isto debería ser unha competencia autonómica, ao ser un ensino regrado. Con respecto ás dúbidas sobre a achega que se pide que comprometa a Deputación, di que a proposta fala de que se cre unha partida ao longo de 2020, e o primeiro punto fala de procurar unha solución coa Xunta de Galicia de cara ao futuro, e o segundo punto se pon como solución a curto prazo, e tampouco estamos a falar de cantidades moi altas, porque no 2020 a Xunta vai achegar 320 euros por alumno, e no Carballiño hai 64 alumnos de conservatorio, o que da 20.480 euros, e en Xinzo serían uns 48.000, 19.000 en Verín e 27.000 no Barco, e cre que comparando coas contías dalgunhas subvencións que da a Deputación non son grandes cantidades, porque se deu, por exemplo, 36.000 euros a unha asociación de cociñeiros para un encontro gastronómico, e por certo, o conservatorio de Ourense está a recibir financiamento da Deputación, 11.000 euros en 2019, e ese é un centro da Xunta e o concello de Ourense non pon un peso, deuse 15.000 euros á Escola de Música de Trasmiras, e 32.000 á Coral de Ruada, e 70.000 euros á Fundación Curros Enríquez para un video xogo, e 250.000 euros para

unha película... é dicir, cartos hai e o que se está a pedir é unha pequena axuda, moi inferior aos orzamentos que dedican os concellos, que oscilan entre 160.000 e 240.000 euros, e os ingresos por taxas son dun 20 % en practicamente todos; polo tanto, non se está a pedir nada do outro xoves, senón unha axuda mínima que podería aprobarse en calquera modificación orzamentaria, e sen prexuízo de que se poida estudar máis a fondo este tema, e de feito na FEGAMP hai unha comisión constituída na que podería intervir a Deputación, e nalgún momento falouse de repartir o financiamento en catro tramos, por exemplo (25 % taxas e 25 % concellos, Xunta e Deputación, en cada caso). Subliña a importancia deste servizo, nunha provincia cunha ampla tradición musical, e o seu carácter comarcal. Dille ao Sr. Caride que os conservatorios non os crearon os concellos, foron promovidos pola Xunta, que logo os abandonou e foron asumidos polo concello pola demanda social que tiñan.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, portavoz do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía di que está de acordo en que a Deputación faga achegas como solución provisional, e que o único que pide é que non se limite a unha cantidade concreta como se fai na moción. Pide que na emenda de substitución do PP e DO se engada un punto no que se comprometa a realización dun estudo de cada conservatorio e se asuma o custo que exceda do financiamento. Di que votará en consonancia co grupo proponente.

Don Bernardo Varela López, portavoz do Grupo do BNG, mantén a posición xa expresada na intervención anterior, e o seu apoio á moción.

Don José Miguel Caride Domínguez, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana, di que el non se refería a axudas na súa intervención, senón a financiamento completo, e sen prexuízo de que se poidan da axudas puntuais se é necesario, cousa para a que tampouco é necesario este acordo, a cuestión é facer forza fronte á Xunta para que estes centros entre n rede autonómica co financiamento ao 100 %, e non con meras subvencións que sempre serán insuficientes.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, portavoz do Grupo Popular, portavoz do Grupo Popular, di que cre que a achega que se solicita á Deputación é moito máis alta da que pon a Xunta, e que a solución é a proposta polo Sr. Caride; por outra banda, cre que esta situación se da noutras provincias, como Pontevedra, e alí a deputación gobernada polo PSOE e o BNG non fai achegas, co que non ten sentido que en Ourense se pida iso que non se fai alí, e o que hai que facer é instar á Xunta a asumir ese financiamento.

Don Aurentino Alonso Araújo, portavoz do Grupo Socialista, di que en Pontevedra instan á Xunta porque a Deputación ten un plan de colaboración cos concellos, como teñen en Lugo e Coruña; e en segundo lugar o único que piden é que a Deputación colabore no 2020 coa mesma cantidade coa que colabora a Xunta de Galicia, así de sinxelo, é dicir, 32 euros por alumno de conservatorio. Dille ao Sr. Caride que entende o que di, pero ¿en 2020 que?, porque a negociación coa Xunta non se resolve en dous días, e por iso din que no en tanto, neste ano, se dea esa axuda pola Deputación para a prestación duns servizos dos que os concellos foron herdeiros forzosos, logo da espantada da Xunta e do abandono da Deputación, e hoxe neste debate acábase de ver cal é a sensibilidade e as prioridades que teñen PP e DO para a provincia, e semella que os nenos e nenas das vilas non merecen un co – financiamento da Deputación nos conservatorios, e di que isto demostra moi pouca xenerosidade, nun pleno no que o seu grupo votou a favor de motivos acordos, algúns deles referidos tamén a competencias impropias, e será que os conservatorios non forman oparte das prioridades do Plan 7273 e os concellos terán que seguir pelexando por ese financiamento.

O contido íntegro da deliberación deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda de substitución do Grupo Popular e Democracia Ourenzana, que é aprobada ao obter o voto favorable do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), do BNG (1) e de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourenzana (2).

Como resultado da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a emenda de substitución formulada polo Grupo Popular e Democracia Ourenzana á moción orixinal formulada polo Grupo Socialista, quedando aprobada a moción nos seguintes termos:

Instar ao goberno provincial para dirixirse á Xunta de Galicia para, en colaboración cos concellos, traballar nun modelo de financiamento dos conservatorios municipais que, atendendo a criterios técnicos e de calidade no ensino, permita outorgar unha maior estabilidade ao seu funcionamento.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

16º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTES RELACIÓNS DE DECRETOS:

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das relacións de decretos do mes de novembro de 2019.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Diego Fernández Nogueira, do Grupo Socialista, formula un rogo en relación co estado das estradas da Deputación, porque a seguridade viaria ten que ser unha prioridade, e hai estradas con baches, malezas, canalizacións obturadas... e cren que é por falla de mantemento polo que piden que se faga ese mantemento coa maior axilidade, e piden tamén que non pase como o ano pasado e que haxa os medios, o sal e os recursos humanos para que as estradas non queden como pistas de patinaxe coas xeadas.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo.

Don Bernardo Varela López, do Grupo do BNG, di que xa no 2017 o BNG se interesara polo arranxo dunha estrada municipal en Riós, no punto onde pasa o regueiro de Porto do Espiño, que quedou literalmente no aire; formula un rogo para que a Deputación colabore nesa intervención, porque é unha intervención de certo calado. Aproveita para desexar boas festas e fin de ano a tódolos membros da Corporación, porque seguramente non nos veremos xa ata o ano que ven.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo.

Dona Montserrat Lama Nóvoa, do Grupo de Ciudadanos – Partido de la Ciudadanía, desexa felices festas a todos, e a ver se no novo ano somos todos un pouco menos malos e conseguimos ir da man, e ogallá que o paridoiro de Verín reabra as súas portas antes do fin de ano.

Don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, di que teñen temporal tras temporal, e a Deputación conta con maquinaria, e pide que se poña a disposición dos concellos para que poidan actuar nas súas estradas; aproveita tamén para desexar boas festas a

todos; e pide que se revisen as cadeiras do salón de plenos, a ver se se poden subir uns centímetros para o seguinte pleno.

O **Sr. Presidente** di que toma nota do rogo, sinalando que a maquinaria da Deputación xa está a disposición dos concellos, e espera que os Reis Magos poidan axudar a dar solución ao problema das cadeiras. Desexa felices festas a todos e feliz 2020.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

E, ás 16.30 horas do citado día 20 de decembro de 2019, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.